É ben certo que o proceso de ensino-aprendizaxe experimento unha paulatina e inexorable transformación nos últimos anos. Dunha clase expositiva, na que o alumnado escoitaba unha explicación e realizaba exercicios sobre os contidos presentados, pasouse e, é o que nós pretendemos, facer unha clase activa, na que o profesorado, a partir de breves bases teóricas vaia resolvendo sobre a marcha as dúbidas e as actividades que se ofertan. Por iso, independentemente de tratar de dar contidos pretendemos facer un exercicio de ensino-aprendizaxe reflexivo, como forma de garantir un aprendizaxe verdadeiramente significativo, sen olvidar a necesaria dirección do proceso por parte do docente.

A aprendizaxe de conceptos terá un carácter máis descritivo, prevalecendo os procedementos que favorezan:

- ¿ A introdución nas técnicas xeográficas con emprego de instrumental cartográfico
- ¿ O emprego de distintos tipos de fontes, en especial materiais e icónicas, para obter información do pasado.
- ¿ A distinción entre causas e consecuencias así como a xerarquización pola súa importancia.
- ¿ O fomento da participación e a da reflexión.
- ¿ A Lectura activa e comprensiva tanto dos contidos do libro de texto como outros documentos. (artículos periodísticos, noticias, fontes primarias...)

En efecto, diversificar as metodoloxías segundo a Unidade a traballar, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar, así mesmo, as dificultades de aprendizaxe que aparezan e aplicar, en consonancia, os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...).

Por medio de actividades como o deseño de rutas; simulacións de feitos históricos ou de personaxes; investigacións sobre temas curriculares; elaboración de xornais de época; redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos; exposicións orais; debates; planteamentos e retos, etc., incentívase a iniciativa, a creatividade e o emprendemento do alumnado facendo que se sinta parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas, poñerse "en situación de" facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo (constrúe unha historia, adiviña quen son, ordena a historia, resolve e soluciona...) xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión.

En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintas estratexias que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado para que adquiran autonomía e aprendan por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Todo o proceso pasa pola necesaria intervección, dirección e control do profesor nun momento en que impartir aulas

resulta complexo pola falla xeneralizada de disciplina de traballo, interese do alumnado, dispersión da atención, e problemas crecentes ligados a condutas dsirruptivas na aula que impiden o normal desenvolvemento da mesma e que se logre os obxectivos de aprendizaxe mínimo

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto. Obradoiro Santillana. Proxecto Construindo mundos. Xeografía e Historia 1º ESO. ISBN 978-8491854241
Apuntamentos e fichas do docente
Blogs de xeografía e historia seleccionados polo docente
Aula Virtual do Centro
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Novelas históricas, novelas gráficas, comics
Prensa

Hoje en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Ademais do libro de texto empregárase material complementario, incluso elaborado polo docente, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula. Así mesmo, o docente pode dispor do seu propio blog didáctico a través do cal pode facer propostas de traballo (visualizar vídeos, realizar actividades interactivas...) que enriquezan a didáctica.

O alumnado requirirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e boa presentación. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliábeis, e comunicarse co alumnado.

As novelas históricas adoitan ser atractivas para recrear feitos históricos e poden lerse na súa totalidade ou algún capítulo destacable.

Pode dispoñerse de Xogos de mesa de feitos históricos para ser empregados nalgunha ocasión.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.

Hoje en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do uso responsable.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos; pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais.

Así mesmo é preciso unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización comentada de pequenos audiovisuais, pescudas...

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantexarllas que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas.

Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que se valoradas numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	5	5	10	10	5	10	10	10
Proba escrita	70	70	60	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	40	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	5	100
Proba escrita	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30

Criterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 70% e o das táboas de indicadores un 30%.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e

comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósters; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar. Para as rúbricas establécense os seguintes parámetros: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular 4, valores cos que logo se extrae a media.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= $[(\text{Media Ex.} \times 70) + (\text{Media rúbricas T.I.} \times 30)] / 100$.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

Nota final= $[(\text{Nota 1ª aval.} \times 30) + (\text{Nota 2ª aval.} \times 35) + (\text{Nota 3ª aval.} \times 35)] / 100$.

Criterios de recuperación:

Plan de recuperacións. Haberá só recuperacións de cada trimestre, unha despois de cada avaliación. Despois de cada avaliación farase unha proba de recuperación de cada trimestre sobre a totalidade dos contidos de cada avaliación, puntuada sobre 10. (a 1ª despois de Nadal, a 2ª despois de Semana Santa, e a 3ª nunha data a determinar antes do 20 de Xuño), a nota da recuperación será a que se tome como referencia para a media aritmética. O alumnado que suspenda a 3ª avaliación e a nota media non permita aprobar fará o repaso para recuperar dita avaliación. Considerarase superada a materia cando realizada a media aritmética entre as tres avaliacións obteña unha puntuación de cinco ou superior. Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerase aprobada cando se obtén 5 ou máis. Todo o traballo será guiado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao propósito deste apartado, establecemos que no curso de 1º ESO os alumnos e alumnas non teñen materias pendentes porque proveñen da Educación primaria e isto supón un cambio de etapa educativa e, polo tanto, non ha lugar a establecer os criterios de recuperación e avaliación de materias pendentes no citado curso.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerlo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotivase máis.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado.

As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
7. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
8. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Contémplase tamén un Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado incluírá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

8. Adaptacións curriculares.

No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, unha vez detectadas ou constatadas e seguindo as directrices do Departamento de Orientación, levaranse a cabo medidas, adaptadas a cada caso, relativas a:

- Adaptacións curriculares e metodolóxicas personalizadas
- Adecuación do ritmo e tempo na realización de tarefas, exames, etc
- Adaptación do espazo físico
- Probas de avaliación adaptadas e accesibles
- Actividades compensatorias adecuadas a cada necesidade especial

Neste apartado o Departamento seguirá os protocolos establecidos pola Consellería de Educación para a atención de alumnado con necesidades especiais derivados de síndromes oficialmente diagnosticados, como déficits de atención,

asperxer e outros.

O alumnado con necesidades específicas con dificultades de aprendizaxe ademais de axustar os materiais de traballo serán puntuados a razón de:

ACTIVIDADES E TRABALLOS : 40% da cualificación. (presentados sempre en tempo e forma para poder ser avaliados e puntuados)

PROBAS ESCRITAS: 60% da cualificación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social			X					
ET.2 - Educación ambiental	X	X	X	X	X			
ET.3 - Educación para a igualdade						X	X	X
ET.4 - Emprendemento					X			
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita							X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X	X	X	X	X			
ET.7 - Educación para a paz						X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	X	X			

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social				
ET.2 - Educación ambiental				
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento				

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible				
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor				

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirá de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visitas a exposicións e museos	complementaria
Asistencia a charlas	complementaria
Excursións de interese didáctico	complementaria
Roteiros didácticos	complementaria
Proxección de cine	complementaria
Asistencia a representacións teatrais	complementaria

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Demostra coñecemento da materia
Planifica leccións, ensina e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Crea ambiente de aprendizaxe
Emprega variedade de recursos
Motiva ao alumnado
Ofrece oportunidades de recuperación
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
Resolve dúbidas
É innovador/a
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Revisa a realización das tarefas propostas
Valora o esforzo
Sabe dirixir as clases
Cumpriu co horario de clase
Valoración xeral da materia
Os obxectivos didácticos están ben formulados

A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado
As actividades foron variadas e motivadoras
A temporalización foi adecuada
Realizouse a avaliación inicial
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Os criterios de cualificación foron axustados

Descrición:

A práctica do ensino e a práctica docente avaliarase mediante o diálogo e a interacción de todos os días entre o docente e o alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.


Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

9. Outros apartados

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

PROGRAMACIÓN de 2º DE ESO



IES CORUXO

CURSO 2022-2023

Guión Programación:

1. Introducción.....	pp.3
2. Contextualización.....	pp.3
3. Contribución das materias o logro dos D.C.B.....	pp.3
4. Obxectivos, contidos, estándares e avaliación por curso.....	pp.3-17
4.1.a. Obxectivos por curso.....	pp.4-12
4.1.b. Contidos secuenciados e temporalizados.....	pp.4-12
4.1. c.estándares de aprendizaxe.....	pp.4-12
4.1.d.Criterios de avaliación.....	pp.4-12
4.1.e.Temporalización.....	pp.12-13
4.1.f.Procedementos e instrumentos de avaliación.....	pp.13-14
4.1.g.Contidos mínimos de aprendizaxe.....	pp.14
4.1.h.Criterios e sistemas de cualificación e recuperacións.....	pp.15-17
4.1.i.Avaliación extraordinaria.....	pp.17
5. Procedementos para a realización da avaliación inicial.....	pp.18
6. Metodoloxía didáctica na ESO.....	pp.18
7. Metodoloxía didáctica e autonomía persoal no Bacharelato.....	pp.19
8. Atención a diversidade.....	pp.20
10. Actividades e seguemento das materias pendentes en Bacharelato.....	pp.21
11.Actividades e seguemento das materias pendentes.....	pp.21
12. Actividades complementarias e extraescolares.....	pp.22
13. Actividades de contribución ao plan lector.....	pp. 21
14. Actividades de contribución ao plan TIC.....	pp.22
15. Actividades de contribución ao plan de convivencia.....	pp.22
16. Actividades de contribución ao plan de formación en valores.....	pp.22
17.Materias e recursos didácticos.....	pp.23
18. Procedimentos para avaliar a programación didáctica.....	pp.23
19. modificación por proposta da memoria do curso anterior.....	pp.23

Profesor que imparte materia de 2º de ESO:

Inés Freije Graña e Mª Isabel González Puga (Interina)

1. INTRODUCCIÓN

Pensamos na aprendizaxe como un proceso permanente, que se desenvolve ao longo da vida. Isto implica, fundamentalmente, ter moi presente a necesidade de proporcionar aos nosos estudantes unha educación completa, que abranga os coñecementos e as competencias básicas necesarios na sociedade actual, que lles permita desenvolver os valores esenciais de convivencia democrática e que estimule o seu desexo de seguir aprendendo por se mesmos, a través dun enfoque comunicativo, a través unha aprendizaxe activa, a través da incorporación das Novas Tecnoloxías, a través das competencias básicas e, por último, a través da atención á diversidade tanto da aula coma da sociedade.

2. CONTEXTUALIZACIÓN.

O noso instituto está situado a 7 km do centro de Vigo, e máis concretamente na Parroquia de Coruxo.

A súa principal característica é que é unha Parroquia periurbana de Vigo a medio camiño entre urbano e rural. Actualmente están matriculados 400 alumnos/as. Na súa maioría pertencen a dita parroquia pero tamén veñen alumnado procedentes doutras parroquias: Navia, Comesaña, Oia, Saiáns, e tamén dalgún concello próximo como é o de Nigrán.

En canto os membros do seminario este curso 2022-23, está conformado por os profesores interinos: Isabel González Puga, xunto ós profesores definitivos, Rubén Rodríguez García, Inés Freija Graña e Gustavo Pascual Hermida como xefe do Departamento.

3. CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS AO LOGRO DAS CB.

Ver apartado 4- no desenvolvemento das diferentes unidades didácticas.-

4. OBXECTIVOS, CONTIDOS E AVALIACIÓN POR CURSO.

4.1.a. Obxectivos por curso.

4.1.b. Contidos secuenciados e temporalizados.

4.1.c. Estándares de aprendizaxe

4.1.d. Criterios de avaliación.

4.1.e. Temporalización.

4.1.f.Procedementos e instrumentos de avaliación.

4.1.g. Contidos mínimos de aprendizaxe.

4.1.h.Criterios e sistemas de cualificación.

4.1.i.Avaliación extraordinaria.

HISTORIA

"O MUNDO MEDIEVAL".

UNIDADE DIDÁCTICA 1: O INICIO DA IDADE MEDIA

UNIDADE DIDÁCTICA 2: A EUROPA FEUDAL

UNIDADE DIDÁCTICA 3: DESENVOLVEMENTO DAS CIDADES NA IDADE MEDIA

UNIDADE DIDÁCTICA 4: A CULTURA E A ARTE NA IDADE MEDIA

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Recoñecer, fronte á unidade cultural do mundo clásico en torno ó mediterráneo, as tres grandes áreas que o circundan: mundo bizantino, mundo islámico e occidente medieval.
- Analizar a complexidade das relacións socioeconómicas feudais e entender como moitos deses trazos pervivirán en Europa durante moitos séculos.
- Avaliar os cambios que se producen na Baixa Idade Media.
- Coñecer obras de arte representativas do período.
- Coñecer a cronoloxía do período e empregar un vocabulario básico.

CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS

- **Competencia social e cidadá:** Sentir empatía polas persoas doutras épocas e comprender a que problemas se enfrontaban. Analizar cales son os aspectos da cultura islámica que perviven na actualidade. Reflexión crítica sobre a base das desigualdades na sociedade feudal. Inspiración de sentimentos de europeísmo a través do Camiño de Santiago. Reflexión crítica sobre a influencia da igrexa católica na idade media.
- **Competencia cultural e artística:** Principios básicos para comprender unha obra de arte (un edificio/un mosaico/un tapiz/unha escultura). Comparar mostras arquitectónicas da arte románica e da arte gótica. Considerar as manifestacións culturais e artísticas medievais como parte do patrimonio e interese pola súa conservación.
- **Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico:** Percepción de que xeito quedou dividido o espazo xeográfico que antes ocupara o imperio romano e os ámbitos de ocupación do imperio bizantino, o islam e os reinos xermanos.
- **Comunicación lingüística:** Comprender un texto literario de carácter histórico. Utilizar vocabulario específico. Buscar as ideas principais dun texto.
- **Aprender a aprender:** Elaborar definicións para explicar conceptos. Organizar a información en cadros. Debuxar unha pirámide social.

- **Tratamento da información e competencia dixital:** Elaborar un pequeno texto obtendo información de fontes materiais e icónicas. Comparar fontes para atopar semellanzas e diferenzas.
- **Autonomía e iniciativa persoal:** Manifestar preferencias artísticas persoais.
- **Competencia matemática:** Exercicio dos criterios de medición do tempo na historia.e representación gráfica.

CONTIDOS

CONCEPTOS:

- A ruptura da unidade mediterránea. Bizantinos, bárbaros e musulmáns.
- O sistema feudal e o réxime señorial. A sociedade, a economía e o poder. Clérigos. Nobres. Campesiños.
- A recuperación de Europa. O renacemento urbano e comercial. Talleres, oficios e organización gremial.
- O mosaico de pobos e estados. O reforzamento das monarquías.
- A cultura e a arte medieval. A influencia da igrexa.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- Le e interpreta mapas históricos.
- Utiliza textos e imaxes para o achegamento á vida da época medieval.
- Analiza e interpreta cadros cronolóxicos e outras formas de representación gráfica do tempo histórico.
- Transforma mapas conceptuais en textos narrativos.
- Analiza e compara diferentes obras de arte.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Utilizar as convencións e unidades cronolóxicas e as nocións de evolución e cambio. Representación gráfica.
- Describir os trazos sociais, económicos, políticos, relixiosos, culturais e artísticos que caracterizan á Europa medieval a partir das funcións desempeñadas polos diferentes estamentos sociais e recoñecer a súa evolución ata a aparición do Estado moderno.
- Caracterizar e contextualizar os estilos artísticos da idade media, analizando algunhas obras representativas destes.

"OS TERRITORIOS HISPÁNICOS NA IDADE MEDIA".

UNIDADE DIDÁCTICA 5: AL-ÁNDALUS

UNIDADE DIDÁCTICA 6: OS REINOS CRISTIÁNS HISPÁNICOS

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Identificar as peculiaridades do época medieval na Península Ibérica e Galicia.

- Analizar a presenza simultánea das culturas cristiá, islámica e xudía na península ibérica.
- Coñecer obras de arte representativas do período Al-Andalus/reinos cristiáns.
- Analizar a conflitividade social dos derradeiros séculos medievais través do exemplo galego dos Irmandiños.

CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS

- **Competencia social e cidadá:** Sentir empatía polas persoas doutras épocas e doutras culturas. Reflexión crítica sobre termos empregados comunmente polos historiadores para cualificar determinadas etapas da historia. Avaliación da influencia da cultura andalusí nalgunhas manifestacións artísticas e culturais que perviven en España. Valoración da presenza simultánea das culturas cristiá, islámica e xudía, e da súa convivencia na península ibérica.
- **Competencia cultural e artística:** Principios básicos para comprender unha obra de arte (un edificio/unha pintura/un relevo/unha escultura). Coñecer as principais manifestacións da cultura andalusí e dos reinos cristiáns e valoralas como parte do noso patrimonio.
- **Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico:** Identificación do contexto espacial de Al-Andalus e dos ámbitos de formación e expansión territorial dos reinos cristiáns medievais. Relacioar paisaxe rural co concepto de feudalismo e valorar a importancia das cidades en Al-Andalus.
- **Comunicación lingüística:** Realizar resumos e descrições. Organizar a información e comunicala correctamente por escrito. Interpretar o sentido dunha expresión.
- **Aprender a aprender:** Completar un cadro cronolóxico e resumir información nel. Representar conceptos en forma de debuxos.
- **Tratamento da información e competencia dixital:** Relacioar frases con imaxes concretas. Integrar a información que facilitan distintas fontes. Comunicar a información.
- **Autonomía e iniciativa persoal:** Opinións propias sobre a tolerancia relixiosa.
- **Competencia matemática:** Medición da cronoloxía e representación gráfica.

CONTIDOS

CONCEPTOS:

- Al-Ándalus. A vida nas cidades musulmáns. Manifestacións artísticas e culturais.
- Os reinos cristiáns hispánicos. Trazos políticos, socioeconómicos e culturais.
- Galicia na idade media. O Camiño de Santiago.
- A conflitividade económica, social e política nos derradeiros séculos medievais. O exemplo galego: os irmandiños.
- Utilización de textos e imaxes para o achegamento á vida da época medieval.

ESTÁNDARES DE APRENIZAXE

- Elabora cadros cronolóxicos e mapas históricos sinxelos.
- Transforma un texto descritivo en cómic.
- Analiza e compara diferentes obras de arte.
- Realiza traballos monográficos ou pequenas investigacións sobre os vestixios medievais no contorno.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Situar no tempo e no espazo as diversas unidades políticas que coexistiron na península ibérica durante a idade media, distinguindo as súas peculiaridades.
- Valorar a identidade do período medieval galego nos seus momentos fundamentais, destacando o papel da Igrexa, e establecendo unha relación entre as súas crises sociais e a xeral do feudalismo.

- Caracterizar e contextualizar as principais manifestacións da arte andalusí e dos reinos cristiáns, analizando algunhas obras relevantes e recoñecendo a pervivencia do seu legado no mundo urbano.

XEOGRAFÍA

UNIDADE DIDÁCTICA 7: O ESTUDO FÍSICO DE ESPAÑA E DE GALICIA

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais.
- Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.
- Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.
- Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego.
- Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia.
- Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias.

CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS

- **Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico:** Empregar os principios básicos de orientación e localización espacial. Representación cartográfica. Contraste entre mapa e realidade (mapa topográfico). Observación (o tempo).
- **Competencia matemática:** Traballo con escalas numéricas/gráficas. Calcular proporcións e porcentaxes para elaborar gráficos (sectoriais, climogramas...). Empregar as unidades de medida de temperatura, presión, precipitacións.
- **Comunicación lingüística:** Exercitar a comprensión lectora. Elaborar respostas escritas. Empregar vocabulario xeográfico básico.
- **Aprender a aprender:** Como aprender co libro de texto (negras, títulos, subtítulos...). Como usar o erro como estímulo para aprender. Técnicas básicas de representación cartográfica.
- **Tratamento da información e competencia dixital:** Coñecer as bases da linguaxe cartográfica. Usar mapas e esquemas debuxados como fonte de información. Buscar información nos atlas e en Internet.
- **Competencia social e cidadá:** Percepción do medio como soporte da nosa vida, fonte de recursos e de desfrute.
- **Autonomía e iniciativa persoal:** Empregar coñecementos xeográficos en contextos cotiáns.

CONTIDOS:

CONCEPTOS:

- Localización. Latitude e lonxitude.
- Características xerais do medio físico de España e de Galicia.

- Medio físico de España: relevo e hidrografía.
- Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía.
- Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia.
- Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia.
- Medio natural e problemas ambientais en España.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
- Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego.
- Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español.
- Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España.
- Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego.
- Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.
- Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.
- Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes.
- Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia.
- Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.
- Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Localizar lugares ou espazos nun mapa usando datos de coordenadas xeográficas. Identificar os elementos básicos que configuran o medio físico de España e Galicia.
- Obter información sobre o espacio representado a partir da lenda e a simboloxía, e comunicar as conclusións de forma oral ou escrita.
- Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información (gráficas, escritas...) de contido xeográfico, e comunicar de forma correcta por escrito a información obtida.

UNIDADE DIDÁCTICA 8: A POBOACIÓN DO MUNDO

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Coñecer os principais trazos demográficos do mundo en qué vivimos e comparar os trazos dos países desenvolvidos e subdesenvolvidos.
- Analizar problemas actuais como superpoboación, envellecemento, fluxos migratorios.
- Avaliar os contrastes e perspectivas da poboación española e galega.
- Comprender a importancia que tivo e ten a emigración na sociedade galega.
- Adquirir vocabulario específico relacionado coa demografía.

CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS

- **Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico:** Identificar os principais focos de concentración demográfica e os baleiros máis importantes.

Rexionalizar o mundo atendendo a indicadores de natalidade, mortalidade, crecemento, superpoboación Investigación demográfica na propia familia.

- **Competencia social e cidadá:** Reflexión crítica sobre a problemática de superpoboación nuns países e envellecemento noutros. Empatía cara os inmigrantes, imaxinando as dificultades que implica a integración. Avaliar por que determinados indicadores demográficos son tamén bos indicadores do nivel de desenvolvemento dunha poboación.
- **Competencia matemática:** Calcular taxas, índices, porcentaxes. Representación gráfica. Interpretación de datos numéricos distribuídos nunha escala temporal (censos, crecemento...).
- **Tratamento da información e competencia dixital:** Usar a cartografía, os gráficos e os datos estatísticos como fonte de información. Buscar información fora do libro de texto: medios de comunicación, Internet...
- **Comunicación lingüística:** Comprender un texto xornalístico. Usar conceptos relacionados coa demografía.
- **Aprender a aprender:** Elaborar un ficheiro de conceptos. Organizar a información nunha táboa comparativa.
- **Autonomía e iniciativa persoal:** Opinións propias sobre as políticas demográficas. Idear un traballo e executalo segundo o planificado.

CONTIDOS

CONCEPTOS:

- A poboación mundial. Distribución.
- Dinámica e estrutura da poboación. Natalidade. Mortalidade. Esperanza de vida. Fecundidade. Envellecemento.
- A poboación española e galega.
- Os réximes demográficos e as correntes migratorias. O caso galego.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Confecciona e comenta pirámides de poboación, realiza cálculos e emprega taxas, series estatísticas, etc.
- Realiza pequenas investigacións sobre a emigración galega.
- Elabora e interpreta gráficos lineais, de barras, mapas temáticos, etc..
- Organiza, resolve e presenta adecuadamente o traballo realizado.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Describir os factores que condicionan os movementos demográficos, utilizando os conceptos e indicadores básicos, caracterizando as tendencias predominantes e aplicando este coñecemento á análise do actual réxime demográfico de Galicia e España.
- Expoñer por escrito o pasado, o presente e o futuro da poboación dun lugar a partir da análise da súa pirámide de poboación.
- Elaborar un pequeno traballo sobre a emigración galega.

UNIDADE DIDÁCTICA 9: AS CIDADES

UNIDADE DIDÁCTICA 10: O CONTINENTE EUROPEO, POBOACIÓN E CIDADES

UNIDADE DIDÁCTICA 11: ESPAÑA E GALICIA: TERRITORIO, POBOACIÓN E CIDADES

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Comprender como as cidades son o resultado de un longo proceso de cambios, remodelacións e ampliacións sucesivas.
- Identificar as funcións e os sectores que estruturan os espazos das distintas cidades.
- Coñecer a rede urbana española e galega así como as distintas etapas do proceso de urbanización.
- Toma de conciencia da cidade como lugar no que interactúan áreas de diferente calidade ambiental e social.

CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS

- **Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico:** Localizar nun mapa as cidades máis poboadas do mundo. Analizar a estrutura urbana dunha cidade. Elaborar itinerarios urbanos dentro da propia localidade. Formulación de hipóteses sobre os lugares máis adecuados para a situación dunha nova cidade tendo en conta as características físicas.
- **Competencia social e cidadá:** Empatía cos habitantes de zonas rurais que están en zonas de despoboamento. Reflexión crítica sobre a segregación da poboación nos espazos urbanos. Análise dos problemas que afectan á propia localidade, avaliar a labor dos concellos e suxerir formas de contribuír a solucionarlos. Enxuízamento das actuacións humanas sobre o patrimonio natural e construído.
- **Competencia cultural e artística:** Ver a cidade como un espazo no que se desenvolven actividades artísticas e culturais.
- **Tratamento da información e competencia dixital:** Usar a cartografía, as fotografías, os gráficos...como fonte de información. Buscar información fora do libro de texto e en internet.
- **Comunicación lingüística:** Realizar unha breve exposición oral. Citar exemplos que corroboren unha información. Usar vocabulario propio da xeografía urbana.
- **Competencia matemática:** Traballar con escalas e calcular distancias nun plano. Interpretar datos numéricos e estatísticos.
- **Aprender a aprender:** Elaborar un organigrama. Como estudar para un exame e como autoavaliarse.
- **Autonomía e iniciativa persoal:** Preparar un traballo e executalo segundo o planificado. Dar opinións e propoñer solucións viables.

CONTIDOS

CONCEPTOS:

- Poboamento rural e urbano.
- A urbanización do territorio no mundo. O proceso de urbanización e a rede urbana mundial.
- A creación do espazo urbano. Diferenciación social e funcional nas cidades españolas e galegas.
- O poboamento galego: transformación das formas tradicionais e novo sistema urbano.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Le e interpreta mapas e planos de cidades.
- Confecciona croquis e itinerarios urbanos.
- Realiza pequenas investigacións ou informes empregando informacións proporcionadas polos medios de comunicación.
- Realiza algunha saída sobre un itinerario trazado previamente.
- Visualiza e comenta diapositivas e vídeos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Expoñer as diferenzas que existen entre as cidades dos países subdesenvolvidos e as dos países desenvolvidos.
- Analizar o crecemento das áreas urbanas, a diferenciación funcional do espazo urbano e os problemas que ocasionan aos seus habitantes, aplicando este coñecemento a exemplos de cidades españolas e galegas.
- Realización dun pequeno traballo sobre o poboamento en Galicia.

4.1.e Temporalización (é unha referencia pero pode ser modificada polo profesor titular si considera empezar por xeografía e non por historia)

1ª Avaliación (UU.DD. 1-4)

- A ruptura da unidade mediterránea. Bizantinos, bárbaros e musulmáns.
- O sistema feudal e o réxime señorial. A sociedade, a economía e o poder. Clérigos. Nobres. Campesiños.
- A recuperación de Europa. O renacemento urbano e comercial.
- O mosaico de pobos e estados. O reforzamento das monarquías.
- A cultura e a arte medieval. A influencia da igrexa.

2ª Avaliación (UU.DD. 5-8)

- A Península Ibérica. Al-Ándalus e os reinos cristiáns.
- Galicia na idade media. O Camiño de Santiago.
- A conflitividade económica, social e política nos derradeiros séculos medievais. O exemplo galego: os irmandiños.
- Medio físico de España: relevo e hidrografía.
- Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía.
- Medio natural e problemas ambientais en España.
- Os réximes demográficos e as correntes migratorias. O caso galego.
- A estrutura das sociedades.
- Sociedades rurais, industriais e postindustriais: o caso galego.
- Diversidade das sociedades e diversidade dentro de cada sociedade.
- Procesos de cambio e conflito social.

3º Avaliación (UU.DD 9-11)

- Poboamento rural e urbano.
- A urbanización do territorio no mundo. O proceso de urbanización e a rede urbana mundial.
- A creación do espazo urbano. Diferenciación social e funcional nas cidades españolas e galegas.
- O poboamento galego: transformación das formas tradicionais e novo sistema urbano.

4.1.f. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Os procedementos serán os seguintes:

- Exposición por parte do profesor, presentando os contidos dunha forma atractiva e útil para estimular e activar ós alumnos.
- Debate. O debate resulta enriquecedor das ideas. Este debate pode ter lugar entre alumnos e profesor ou entre os propios alumnos sen participación activa do profesor. Optamos así por unha metodoloxía na que construímos entre todos os novos coñecementos.
- Traballo práctico apropiado.
- Realización de exercicios
- Traballos de investigación. Nestes traballos deberán establecer relacións con outras áreas de coñecemento.
- Traballos en grupos. Complementando o debate é interesante que o alumnado aprenda a confrontar as súas propias ideas coas das compañeiras e compañeiros e ser capaces de dar solucións conxuntas a problemas de maior dificultade que os que realizan individualmente. Así se afarán a defender as súas opinións e xuízos de valor con argumentos, a escoitar, a compartir as tarefas, a tolerar, a respectar ós demais,...
- Diversidade nos recursos, será moi importante nesta tarefa contar e rendibilizar en todo o posible a variedade de recursos dos que se dispoña. Dada a importancia social que hoxe en día teñen as tecnoloxías da información e a comunicación, estas xogarán un papel moi importante á hora buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Dotaremos así ós alumnos de instrumentos intelectuais que lles permitirán interpretar, representar, analizar, explicar, criticar, descubrir e predicir determinados aspectos da realidade.
- Inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura, a través dos recursos utilizados na clase .

En canto ós instrumentos de avaliación:

- A observación, que nos permitirá seguir o ritmo da clase en canto á adquisición dos contidos conceptuais e dos procedementos e, sobre todo, dos actudiniais tanto no que se refire ao interese pola materia como ás

actitudes sociais máis relevantes, tales como a convivencia, a tolerancia, a solidariedade e a participación crítica.

- As probas, que teñen o mesmo carácter que as actividades de desenvolvemento dos contidos e polo tanto adoptarán formulacións semellantes, reflectirán unicamente os contidos traballados e estableceranse nun contexto de negociación das mesmas co alumnado a quen van orientadas. Así que calquera das actividades que se presentan é susceptible de ser, ao mesmo tempo, actividade de aprendizaxe e de avaliación.
- Os traballos de clase e os traballos voluntarios permiten un seguimento do nivel de organización que van acadando os alumnos/as: busca de fontes, organización dun guión, planificación dos pasos a seguir, corrección do emprego de información gráfica ou estatística, etc. Débense alternar os traballos escritos con outros de exposición oral e en formatos dixitais.

4.1.g. Contidos mínimos esixibles.

- A idade media. O sistema feudal. Actividades económicas e grupos sociais. Clérigos. Nobres. Campesiños.
- A Península Ibérica. Al-Ándalus e os reinos cristiáns.
- A influencia da igrexa. A arte románica. O Camiño de Santiago.
- O renacemento urbano e comercial. A arte gótica.
- A conflictividade nos derradeiros séculos medievais. Os irmandiños.
- A idade moderna. A época dos descubrimentos. Cambios políticos, económicos e sociais. O nacemento do Estado moderno.
- A Península Ibérica na época moderna. A monarquía hispánica.
- A Galicia dependente e agraria. Fidalgos e foreiros.
- Arte, ciencia e cultura na época moderna. Renacemento. Barroco.
- Cronoloxía do período e vocabulario básico.
- Estudo físico de España e Galicia.
- A poboación mundial. Evolución. Distribución.
- Dinámica. Composición. Conceptos de: densidade, superpoboación, natalidade, mortalidade, esperanza de vida, envellecemento, etc.
- Os réximes demográficos e as correntes migratorias. O caso galego.
- Manexo de fontes demográficas, taxas, índices e gráficos.
- Estrutura das sociedades. Diversidade.
- Procesos de cambio e conflito social.
- Poboamento rural e urbano. A urbanización do territorio no mundo. O proceso de urbanización e a rede urbana mundial.
- Diferenciación social e funcional nas cidades españolas e galegas.
- O poboamento galego: transformación das formas tradicionais e novo sistema urbano.

4.1.h. Sistemas e criterios de cualificación.

"AVALIACIÓN CONTÍNUA"

Expresada neste caso como a media aritmética das notas das tres avaliacións, tendo en conta que a materia de Xeografía e Historia divídese en dúas disciplinas (Xeografía e Historia) ó longo dos distintos cursos da ESO.

A TRAVÉS DE:

ESCRITOS E TRABALLOS (20% da cualificación)

- Caderno do alumnado (ben presentado e completo)
- Pequenos traballos individuais ou en grupo.
- Boa presentación con orde e claridade.
- Realización de tarefas de xeito constante e continuado.
- A adquisición e o emprego de conceptos e procedementos tanto a nivel escrito como a nivel oral.

Traballo diario na aula (10% da cualificación)

- Observación diaria do alumnado:
- A atención, a participación e o esforzo persoal.
- A actitude positiva en relación coa materia e cos compañeiros.
- Participación activa e o cumprimento das normas de aula.
- Asistencia, puntualidade, colaboración.

PROBAS ESCRITAS (70% da cualificación)

- Desenvolverase, a lo menos, dous exames por trimestre. Valorarase tanto os contidos como a expresión escrita dos mesmos. . O exame poderá constar de preguntas de definicións de conceptos, preguntas de enumeración, de citar e explicar, de unir elementos, eixes cronolóxicos, identificación de láminas e fotografías de elementos xeográficos, históricos e artísticos, mapas mudos políticos, históricos e xeográficos, comentarios guiados de textos, gráficas, desenrolo de temas e outras cuestións sempre relacionadas ca materia explicada. A puntuación de cada cuestión verá determinada pola maior ou menor complexidade de cada unha delas e se fará constar no propio exame, dividíndose a nota das preguntas entre os

Ítems a valorar en cada unha das cuestións plantexadas. Valorarase tamén a correcta expresión escrita e oral, as faltas de ortografía e a presentación. Os erros básicos no manexo das cronoloxías e do contexto histórico nas cuestións de desenrolo de temas, así como os erros na ubicación dos protagonistas dos procesos históricos entenderanse como erros graves e puntuarán con 0 esas cuestións. Poderá haber preguntas que, cando o sinale o profesor, non se permitirá ningún erro para poder ser puntuadas.

A modo de exemplo, no caso das definicións de conceptos deberán completalas atendendo a que é, que (características), onde, cando, quen, e exemplos, no caso de preguntar 4 verbas e valen dous puntos, 0,5 cada unha a 0,1 cada item. Si o profesor o estima convinte poderá dar algunha opcionalidade nas cuestións que considere oportunas.

- En ningún caso estará permitido o emprego de apuntamentos ou calquera outro material que non fose aportado polo profesorado. Copiar durante os exames implicará un 0 na avaliación e ir directamente a recuperación da mesma.
- Recuperacións: Despois de cada avaliación farase unha proba de recuperación de cada trimestre a 1ª despois do Nadal, 2ª despois de Semana Santa e 3ª en xuño antes do remate do curso (non haberá unha recuperación extraordinaria en Xuño), a nota da recuperación será a que se tome como referencia para a media aritmética sobre a totalidade dos contidos de cada avaliación, puntuada sobre 10. O alumnado que suspenda a 3ª avaliación e a nota media non permita aprobar fará o repaso para recuperar dita avaliación. Considerase superada a materia cando realizada a media aritmética entre as tres avaliacións obteña unha puntuación de cinco o superior.
- Os traballos deberán ser presentados en **tempo e forma** para proceder a súa avaliación e puntuación. No caso de non cumprir este requisito perderase a posibilidade de cualificar este apartado, sendo a puntuación de 0, (fora de prazo) ou -1 (se non se presenta).

OS ALUMNOS CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO "AVALIACIÓN CONTÍNUA"

A TRAVÉS DE:

ACTIVIDADES E TRABALLOS : 30% da cualificación. (presentados sempre en tempo e forma para poder ser avaliados e puntuados)

Observación diaria: 10% da cualificación.

PROBAS ESCRITAS: 60% da cualificación.

4.1.i. Avaluación extraordinarias. (Só Para casos de perda do dereito o avaliación continua en XUÑO)

PROBA EXTRAORDINARIA DE XUÑO

Entrará toda a materia impartida ó longo do curso, mediante unha proba única e común para todo o alumnado puntuada con dez puntos. No caso de que o nivel sexa impartido por máis dun profesor coordinarase dita proba polos profesores e o departamento. O exame poderá constar de preguntas de definicións de conceptos, preguntas de enumeración, de citar e explicar, de unir elementos, identificación de láminas e fotografías de elementos xeográficos, históricos e artísticos, mapas mudos políticos, históricos e xeográficos, comentarios de textos guiados ou libres, eixes cronolóxicos, gráficas e desenrolo de temas. A puntuación de cada cuestión verá determinada pola maior ou menor complexidade de cada unha delas e se fará constar no propio exame. O aprobado alcanzarase a partires dunha nota de 5 ou máis de 5 no exame.

SISTEMA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIO PARA ALUMNADO CON FALTAS DE ASISTENCIA A CLASE

Cando un alumno falte reiterativamente a clase dun xeito non xustificado, terá que presentarse a unha única proba a final de curso. A proba poderá ser oral ou escrita, a determinar polo Seminario. A materia de exame será toda a dada polo curso ó cal pertenza o citado alumno puntuada con 9 puntos. O alumno debe ser avisado como mínimo 15 días antes da celebración da proba, especificándolle día e hora. Así mesmo o alumno debe presentar ese mesmo día tódolos traballos feitos polos demais alumnos da clase ó longo do curso, puntuados ata 1 punto.

Se as faltas se deben a algo xustificado : accidente, enfermidade etc, o profesor decidirá o xeito de recuperar segundo o caso concreto.

5. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.

Este Departamento establecerá conxuntamente co Departamento de Orientación aqueles procedementos básicos de coñecemento e actitudinal para establecer uns criterios de avaliación inicial.

6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA NA ESO.

Varios son os aspectos que destacaríamos na **metodoloxía na Educación Secundaria obrigatoria**.

É ben certo que o proceso de ensino-aprendizaxe experimento unha paulatina e inexorable transformación nos últimos anos.

Dunha clase expositiva, na que o alumnado escoitaba unha explicación e realizaba exercicios sobre os contidos presentados, pasouse e, é o que nós pretendemos, facer unha **clase activa**, na que o profesorado, a partires dunhas breves bases teóricas vaia resolvendo sobre a marcha as dúbidas e as actividades que se ofertan. Por iso, independentemente de tratar de dar contidos pretendemos facer un exercicio de ensino-

aprendizaxe reflexivo, como forma de garantir un aprendizaxe verdadeiramente **significativo**.

Apostamos por un aprendizaxe constructivista onde o alumnado é o verdadeiro protagonista da súa aprendizaxe.

A aprendizaxe de conceptos terá un carácter máis descritivo, prevalecendo os procedementos que favorezan:

- A introdución nas técnicas xeográficas con emprego de instrumental cartográfico
- O emprego de distintos tipos de fontes, en especial materiais e icónicas, para obter información do pasado.
- A distinción entre causas e consecuencias así como a xerarquización pola súa importancia.
- O fomento da participación e a da reflexión.

7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA INCIDINDO NO IMPULSO DA AUTONOMÍA PERSONAL NO BACHARELATO.

Ver programacións de Bacharelato.

8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

8.a. Medidas de reforzo.

“**Actividades de Reforzo** Tipo”:

- “Buscar datas no libro de texto e confeccionar un eixe cronolóxico ”
- “Ordear cronoloxicamente mapas que se presentan desordeados sobre os cambios territoriais na península ibérica na idade media”
- “Confeccionar un mapa con liñas de cores sobre das grandes rutas de exploración e descubrimentos xeográficos”
- “Completar un cadro de dobre entrada sobre os cambios políticos, económicos, sociais, artísticos, científicos...nos séculos modernos”
- Localizar erros nun texto con afirmacións falsas para traballar conceptos como superpoboación, densidade, esperanza de vida, hábitat, clase social...”
- “Completar un organigrama con debuxos sobre a sociedade feudal e a sociedade capitalista”
- Traballar un pequeno texto con exercicios de preguntas dirixidas, para axudar a adquirir destrezas de saber facer resumos, subliñados...
- Completar correctamente un texto con espazos en branco para traballar algúns conceptos de xeografía urbana.

8.b. Medidas de ampliación.

Este Departamento adoptará as medidas de ampliación que considere oportunas para potenciar unhas maiores dinámicas de coñecemento para o alumnado que o precise.

Os alumnos que presenten necesidades educativas especiais, como os de altas capacidades, que esixen unha resposta de adaptación curricular, realizarán tarefas

e actividades substituíndo as máis rutinarias que o alumno xa completou por outras que afonden nos contidos procedimentais, de carácter máis complexo.

A provisión educativa, entendida como o esforzo de atender a diversidade deses alumnos, comprenderá tanto a flexibilización como a individualización. A primeira implica a posibilidade de aumentar o seu ritmo de aprendizaxe, a segunda outorgarlles maior autonomía e independencia á hora de adquirir coñecementos.

En coordinación co departamento de Orientación atenderase aqueles alumnos que o precisen seguindo en todo momento os protocolos establecidos pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia.

8.c.Adaptacións curriculares.

* No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, unha vez detectadas ou constatadas e seguindo as directrices do Departamento de Orientación, levaranse a cabo medidas, adaptadas a cada caso, relativas a:

- Adaptacións curriculares e metodolóxicas personalizadas
- Adecuación do ritmo e tempo na realización de tarefas, exames, etc
- Adaptación do espazo físico
- Probas de avaliación adaptadas e accesibles
- Actividades compensatorias adecuadas a cada necesidade especial

Medidas de atención ao alumnado con TDA e TDAH:

Co gallo de garantir unha atención integral aos alumnos que sexan diagnosticados cos síndrome enriba sinalados, este departamento propón as seguintes iniciativas:

Realización de traballos en grupo para potenciar a súa aprendizaxe cooperativa. Dentro destes grupos de traballo asignaráselles compañeiros que lles axuden a realizar as tarefas.

Reforzo positivo das condutas adecuadas, ao mesmo tempo que se lle insta a levar unha organización do traballo por medio da axenda escolar.

En canto aos exames escritos, procurarase que sexan curtos e concisos, completándoos en caso de necesidade cunha proba oral.

-Medidas de atención ao alumnado con Asperxer:

Ao comezo das clases organizarase o seu traballo de forma individualizada, dándolle tempo dabondo para ordear os materiais.

É necesaria a coordinación coa profesora de apoio dadas as necesidades específicas deste tipo de alumnado.

Simplificaráselle as tarefas mediante a súa descomposición noutras máis sinxelas e fomentarase o uso das TIC como ferramentas de aprendizaxe.

Substituirase sempre que sexa posible a escritura manual co uso do ordenador.

Reforzaranse positivamente os acertos co conseguente recoñecemento.

O profesor/a supervisará frecuentemente o traballo realizado

9. PLANS DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES NA ESO.

SISTEMA DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

O alumno terá dous exames: Un no mes de novembro e outro no mes de febreiro, que coincidirán cronoloxicamente coa primeira e segunda avaliacións. En caso de suspender algún deses exames ou ambos, haberá unha proba final no mes de maio. Valorarase así mesmo ata un máximo de 3 puntos as actividades propostas polo departamento para ser entregadas o día do exame. Estas versarán sobre os contidos principais a examinar. O exame valorarase sobre o 70 % restante.

O profesor correspondente entregará ós alumnos suspensos un guión onde figurarán os mínimos para aprobar en cada unha das avaliacións. O Departamento dará a coñecer a información entre o alumnado pendente de dita materia, pero de xeito oficial a única información válida das fechas dos exames será a que quede exposta publicamente por escrito no taboleiro do patio central do centro. O alumnado deberá consultar ditos avisos a maiores de que sexan avisados verbalmente polos profesores do departamento.

10.ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO DAS MATERIAS PENDENTES NO BACHARELATO.

Ver programacións de Bacharelato.

11.PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR NA ESO.

Ver punto nº 9.

12.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Estamos abertos á colaboración con outros departamentos para a realización de actividades coordinadas e complementarias sempre que sexa posible.

13.ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.

ACTIVIDADES DE LECTURA

As actividades relacionadas coa lectura de textos e coa comprensión lectora terán unha presenza ao longo do curso en dous niveis:

a) "De forma integrada coa dinámica de clase". Se seleccionarán textos periodísticos, literarios, científicos...para leer e traballar na aula en relación cos distintos temas da programación do curso. Deste xeito se reforzará a competencia lectora do alumnado á vez que tomará conciencia de que pode aprender Xeografía e Historia a través de medios escritos variados (prensa, enciclopedias, revistas de divulgación, novelas, etc.). Actividade Tipo: Lectura dun fragmento do "Libro das Marabillas" de Marco Polo e organización da

información nun cadro sobre a riqueza de China no século XIII e os produtos que valoraban moito os europeos na Idade Media..

b) "Tempo de lectura fora do horario lectivo". O alumnado leerá, coincidindo con períodos vacacionais, o cómic "A mansión dos Pampín" de M.Anxo Prado (unha visión crítica e pedagóxica sobre a arquitectura e urbanismo tradicional e moderno en Galicia) sobre o que terá que realizar unha ficha de traballo.

c) Este Departamento seguirá as directrices establecidas polo Plan Lector do Centro.

14.ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

A realidade actual é que debemos aportar ao alumnado unhas ferramentas que lles axuden a saber xestionar mellor a información neste mundo globalizado cada vez máis complexa.

Neste curso escolar os nosos obxectivos é incorporar paseniñamente as **HABILIDADES de APRENDIZAXE** de maneira deliberada, estratéxica e ampla para que os nosos alumnos e alumnas:

- Aprendan, integren, avalíen e manexen a información.
- Analicen e comparen información variada
- Identifiquen datos espaciais, xeográficos, culturais, políticos do mundo, do Estado Español e de Galicia.

Nos últimos tempos os avances das TIC fixeron posíbel unha resposta satisfactoria a estas necesidades da xeografía no ensino. Exemplo diso é o **Google Earth**, unha ferramenta empregada en varios campos da xeografía que combina imaxes de satélite, mapas e unha base de datos ampla para navegar así como para desenvolver as habilidades necesarias para xestionar correctamente a información xeográfica.

Tamén pretendemos utilizar as TIC:

- Como complemento das clases presenciais ou como espazo virtual cun prantexamento que permita un maior desenvolvemento de ditas actividades a nivel individual e cooperativo tanto en tempo sincrónico como asincrónico.
- Como alfabetización dos alumnos e alumnas. Pensamos que deben adquirir unhas competencias básicas tratando de mellorar as competencias de expresión e creatividade no uso das TIC.
- Para aproveitar as vantaxes que proporcionan ao realizar actividades individuais ou colectivas: buscar información, realizar exercicios, preparar apuntamentos, etc.
- Para a realización de tarefas individuais ou grupais de ampliación, reforzo ou avaliación co fin de reforzar o aprendizaxe.

15.ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

Este Departamento seguindo as directrices do Plan de Convivencia no Centro elaborará normas consensuadas de funcionamento na aula, a través da "lectura e interpretación de documentos e feitos históricos", favorecerá a reflexión sobre as relacións de convivencia nas "diferentes situacións históricas" e as súas consecuencias.

16. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE FORMACIÓN EN VALORES.

Este Departamento potenciará a través de textos históricos e xeográficos os valores esenciais da Democracia, da solidariedade, da cooperación...

A Xeografía e a Historia permite fomentar no alumnado actitudes positivas así como valores de sociabilización que contribúe a súa formación e madurez humana e fomenta a participación activa, responsable e solidaria.

Potenciar actitudes de respecto, solidariedade, valoración do pluralismo e da diversidade cultural do Estado Español e de Europa, das distintas posicións e opinións sobre a organización territorial e política e a tolerancia dos distintos sentimentos.

Potenciar a igualdade entre ambos sexos, a educación medio ambiental, aprecio polo patrimonio xeográfico e histórico...

17. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Empregaranse estratexias expositivas: para introducir cada unidade ou aspectos fundamentais dos apartados da mesma; para aqueles contidos de maior dificultade ou abstracción conceptual; para reforzar a aprendizaxe do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Estas explicacións combinaranse de xeito equilibrado en conexión con Actividades "significativas, variadas e accesibles", e que se presentarán graduadas pola súa dificultade.

Námbolos dous casos o Libro de Texto da editorial Santillana constituirá unha ferramenta de apoio importante, á vez que será en sé mesmo obxecto de "aprendizaxe", no seu manexo con autonomía persoal.

Outros Recursos:

-Mapas murais "físicos/políticos/mudos/en relevo"

-Todo tipo de documentos e imaxes en soportes variados (fotocopias, atlas, diapositivas, dvd...).

-Emprego de Internet

18.PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

O Departamento realizará o seguimento das programacións dos distintos cursos, e fará trimestralmente unha avaliación dos resultados académicos do alumnado .

Tendo en conta :

- Os datos académicos
- As opinións e experiencias persoais dos compoñentes do departamento
- A reflexión sobre as accións educativas
- A avaliación das circunstancias do curso concreto e a comparación con cursos anteriores

Faranse propostas de mellora "posibles", e se tentarán as medidas oportunas para reorientar a práctica docente.

19.MODIFICACIÓNS POR PROPOSTA DA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR.

O Departamento finalizado o curso avaliará a memoria no seu conxunto e revisará aqueles aspectos que poden ser suxeitos de modificación para incorporar as melloras nos curso vindeiros.

En Coruxo a 15 de Setembro de 2022

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019426	IES Coruxo	Vigo	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	3º ESO	3	105

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	27
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	32

1. Introducción

O noso instituto está situado a 7 km do centro de Vigo, e máis concretamente na Parroquia de Coruxo.

A súa principal característica é que é unha Parroquia periurbana de Vigo a medio camiño entre urbano e rural. Actualmente están matriculados entornos a 400 alumnos/as. Na súa maioría pertencen a dita parroquia pero tamén veñen alumnado procedentes doutras parroquias: Navia, Comesaña, Oia, Saiáns, e tamén dalgún concello próximo como é o de Nigrán.

A materia de Xeografía e Historia contribúe á percepción e a análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do devir a través do tempo e do espazo e a análise do cambio como froito da acción humana implica concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea.

Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades e exercitar a cidadanía cara un comportamento cívico.

Nesta liña, os contidos de terceiro van na dirección de comprender o territorio como o espazo humanizado, tanto desde unha perspectiva económica como física e ambiental. Entender as dinámicas internas e externas da poboación e as súas derivadas como a diversidade da poboación, a interculturalidade, as minorías e a igualdade de xénero tamén van ser obxecto de estudo neste curso. Así mesmo, valorar que todos estes asuntos van sentir os efectos do fenómeno da globalización é outro dos eixes principais a tratar.

Sinalar que debido o cambio do currículo este alumnado estudou o ano pasado en 2º de ESO temas relacionados ca Demografía e Urbanismo recollidos outra vez este curso de terceiro polo que non imos a incidir neses temas durante este curso e ao mesmo tempo este alumnado non tocou a Historia Moderna polo que antes de entrar na etapa contemporánea, substituiremos estes temas de xeografía e incorporaremos algunhas nocións a este período da historia para evitar que quede un valeiro entre a Idade Media e a Contemporánea, incorporando referencias ao Renacemento e Humanismo, Os descubrimentos Xeográficos, a aparición das Monarquías Autoritarias para poder enlazar ca época contemporánea.

Desde o punto de vista histórico os contidos deste curso tratan o século XVIII, unha etapa de cambios ideolóxicos, sociais e económicos de grande repercusión que asentaron as bases da organización política e económica do mundo contemporáneo ata os nosos días. As revolucións burguesas entenderanse como o marco de ruptura das estruturas do pasado (servidume) para conformar novas formas de pensamento ideolóxico e político nun novo contexto de liberalismo e de democracia, é dicir, de recoñecemento da cidadanía. A globalización, o capitalismo, as formas de traballo e a economía liberal serán cuestións que se comprendan cando se aborde a Revolución Industrial; e, igual que a sociedade, a economía e a política se transforman, a arte deste época tamén responderá a ditas mutacións adaptándose a novos gustos e demandas.

Ditos contidos están estruturados en tres bloques que son "Retos do mundo actual" no que se fai fincapé nos desafíos e problemas do presente e da contorna local e global coa perspectiva de coñecer cales son os retos do futuro ao que se enfrenta a sociedade en xeral e a española e galega en particular.

O segundo bloque "Sociedades e territorio" integra contidos que contribúen a explicar a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo para comprender o devir actual e as consecuencias futuras. En definitiva, interpretar o presente desde a perspectiva do pasado como legado histórico.

O terceiro bloque de grande transversalidade é "Compromiso cívico local y global" no que se acentúan o sentido da responsabilidade e os valores democráticos dos/das alumnos/as deste nivel.

En definitiva, alumnado de terceiro comprenderá a través desta materia o presente como un proceso inacabado sobre o que é posible actuar desde unha perspectiva científica e cívica para modelar o futuro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3	3	4	1-2-4-5	1	1	3	4
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2	3	2	1-2	4	1-3	1-3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.	2-3		3-4-5	1-5	3	3-4	1	1-4
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.	1-3	2	1	1-2	2	1-2-3-4	1	1-4
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	1-5	3	2	1-3-5	1-3	1-2	3	1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	1-5	3	1-3	1-3	3	1-2-3	1-3	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	2-5	3	2-4	1-2	1-3	1-2-3		1-2-3
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.	2		1-4-5	4	2-5	1-2-3	1	1
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2-5		2	1-3	1	1-2-3-4	1	1

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Relacións entre a natureza e a sociedade. A pegada humana no medio e ameazas á Terra e o entorno próximo de España e Galicia.	Abordaranse os problemas medioambientais da Terra. A emerxencia climática e a conciencia ecosocial.	5	6	X		
2	Globalización, movementos migratorios e interculturalidade.	Trata do fenómeno da globalización os seus aspectos positivos e negativos e as súas derivadas dos desprazamentos da poboación no mundo actual, a multiculturalidade e posibles conflitos ideolóxicos e étnico culturais, diversidade e mestizaxe.	5	6	X		
3	O espazo natural, rural e urbano. Formas de poboamento e a súa transformación. Evolución en España e Galicia e retos do futuro	Procura analizar os conceptos espaciais, localización, escala, proximidade espacial e facer un estudo do global ao local na escala rural e urbana e a súa evolución e retos do futuro en relación co Desenvolvemento Sostible.	5	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Organización política das sociedades e ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional.	Trata de estudar os rexímenes políticos e a organización dos estados e, en concreto, o Español e indicar a importancia das Institucións para velar pola paz e seguridade.	15	12	X		
5	A actividade económica e sectores produtivos. Axentes económicos. A economía globalizada e desenvolvemento sostible.	Trata do sector primario, secundario e terciario e a tendencia á economía global cara a terciarización e o deber do respecto polo Desenvolvemento Sostible.	10	9		X	
6	Paisaxes humanizadas e os sectores produtivos na UE, España e Galicia e o mercado común europeo.	Trata de explicar o funcionamento do mercado dentro da UE e o papel económico de España dentro da UE. Así mesmo abordaríase a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal	10	9		X	
7	Os Sistemas económicos. A distribución desigual dos recursos e do traballo nun mundo globalizado.	Trata de coñecer os diferentes sistemas de organización económica e pode abordaese a produción e o traballo. Cabe abordar o deber de entendernos dentro dun mundo globalizado.	10	9		X	
8	A poboación e poboamento en España e Galicia. Diversidade social, multiculturalidade e igualdade de xénero.	Trata dos ciclos demográficos e evolución da poboación e o reto demográfico en España e Galicia. O envellecemento da poboación e as políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. Así mesmo se aborda a diversidade social e a cohesión a non discriminación cun fincapé na igualdade de xénero.	5	9		X	
9	Introducción Idade Moderna.O Século da Razón. Transformación política. Da servidume á cidadanía.	Trata do Antigo Réxime, a Ilustración e o despotismo ilustrado, así como os síntomas e propostas de cambio. É importante destacar a figura de mulleres que na época propuñan cambios no seu rol.	10	8			X
10	As Revolucións burguesas. A Revolución industrial e mentalidade capitalista unha nova organización social de clases.	As ideas do liberalismo e as revoltas americana e francesa e as súas consecuencias. Así mesmo coa revolución industrial estúdase a derivada do capitalismo e a nova sociedade de clases. O rol das mulleres na época das revolucións.	10	10			X
11	A chegada dunha nova dinastía en España. Uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814.	Trata dos primeiros monarcas Borbón en España, o reformismo ilustrado de Carlos III e a guerra e revolución liberal en España. A importancia da Constitución de 1812. Restauración borbónica.	10	9			X
12	Os movementos artísticos. As artes na época da Ilustración. Rococó, Neoclasicismo, Romanticismo. A personalidade independente de Goya.	Trata de coñecer as características xerais das manifestacións artísticas deste período e a súa relación coa arte clásica. Faise fincapé na figura independente de Goya para que se analicen as pinturas de temática histórica relevantes.	5	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Relacións entre a natureza e a sociedade. A pegada humana no medio e ameazas á Terra e o entorno próximo de España e Galicia.	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características da contorna natural e o aproveitamento que fai o ser humano do medio.	PE	80
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Contesta ás preguntas cun nivel suficiente e de forma bastante detallada sobre as maneiras de conservar o medio natural, rural e urbano e coñece accións que se promoven desde diferentes ámbitos.		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo mural sobre medio ambiente, identificando e describindo aceptablemente as principais características e causas e consecuencias do seu deterioro.	TI	20
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo no que indique como pode contribuír a mellorar o medio ambiente e solucións se poden tomar a diferentes escalas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.

UD	Título da UD	Duración
2	Globalización, movementos migratorios e interculturalidade.	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	É capaz de interpretar e identificar con certa seguridade mapas e gráficos sobre o Desenvolvemento Sustentable, mobilidade da poboación e distribución do traballo.	PE	80
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Responde a preguntas cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender o que é globalización, causas, consecuencias e aspectos negativos e positivos e o que é Desenvolvemento Sostible.		
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Responde a preguntas cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender o que é globalización, causas, consecuencias e aspectos negativos e positivos e o que é Desenvolvemento Sostible.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Responde a preguntas cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender o que é globalización, causas, consecuencias e aspectos negativos e positivos e o que é Desenvolvemento Sostible.	TI	20
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo sobre que é globalización, causas e aspectos negativos e positivos.		
CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	É capaz de expor con certa claridade un traballo sobre a mobilidade da poboación e a multiculturalidade e o respecto ás minorías.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo escrito identificando e describindo a incidencia da globalización na economía mundial e a distribución do traballo e o mundo das tecnoloxía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais. - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas - Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural. - Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.

UD	Título da UD	Duración
3	O espazo natural, rural e urbano. Formas de poboamento e a súa transformación. Evolución en España e Galicia e retos do futuro	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Realiza un exercicio escrito no que teña que explicar algún dos dezasete ODS empregando imaxes, mapas, gráficas... e fai propostas a problemas e retos do futuro.	PE	80
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber que tipos de poboamento que hai en España e Galicia e como evolucionaron e cales son os problemas que presentan.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta un traballo, identificando e describindo aceptablemente as principais características espazo natural, rural e urbano da súa contorna.	TI	20
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Realiza e expón con certa soltura un traballo sobre os problemas do despoboamento rural e o crecemento das cidades e a súa relación co medio ambiente.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Realiza con certa soltura un informe sobre o su compromiso coa contorna e o poboamento humano e indica os retos futuros e explica con certa claridade o influxo económico e laboral no poboamento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro. - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
4	Organización política das sociedades e ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender que tipos de rexímenes existen, as diferenzas entre monarquía e república e como se organiza o Estado español.	PE	80
CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender cales son as características fundamentais dun sistema democrático en antítesis ao ditatorial.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Realiza un exercicio escrito no que indique certas institucións do Estado e de asociacións que promoven un mundo máis seguro e unha mellor convivencia.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo, identificando e describindo aceptablemente que é Estado, tipos de Estado, rexímenes e a organización territorial do Estado	TI	20
CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo, no que plasma a importancia do sentido cívico, o respecto polas diferenzas e opinións dos demais e sobre o recoñecemento da muller.		
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo, identificando e describindo os problemas de convivencia que hai na súa contorna e as solucións que proporía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas

Contidos
<p>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.</p> <p>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.</p>

UD	Título da UD	Duración
5	A actividade económica e sectores produtivos. Axentes económicos. A economía globalizada e desenvolvemento sostible.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender cales son as características económicas de España e Galicia.	PE	80
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodpendencia.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender como evolucionou a actividade económica, os axentes económicos e os retos do futuro.		
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo sobre a necesidade dun aproveitamento do medio respectuoso recoñecendo que obxectivos do Desenvolvemento Sostible hai que cumprir.	TI	20
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	É capaz de realizar con certa soltura a lectura de gráficas, mapas e imaxes sobre as actividades económicas e a súa incidencia no medio e determinar cal dos ODS se deben cumprir ao respecto.		
O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- g) Acreditación da información á familia.

Segundo o indicado, o alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. Ademais disto vai ter que realizar dous exames escritos sobre as preguntas que se lle proporcionaron xunto co cartafol, e dos temas seleccionados. A materia será obxecto dunha selección e redución de contidos entre 60 a 50 % e repartida entre as dúas probas a realizar no primeiro e segundo trimestre . A proba escrita valorárase cun 70 % da nota, ata 7 puntos, o cartafol cos exercicios seleccionados o 30 % restante, ata 3 puntos.

O prazo de entrega dos exercicios será o de realización de cada un dos exames escritos. Un cara finais de novembro

e o segundo cara finais de febreiro.

O alumnado que supere estes dous parciais e a nota media sexa igual ou superior a 5 superará a materia pendente. A nota final será a media aritmética da nota das dous probas.

Quén non logre este obxectivo terá a posibilidade de realizar un exame cara finais de Abril. Excepcionalmente aquel alumando que non supere a materia pendente ao longo dos trimestres terá un examen extraordinario a partires do 6 de Xuño con toda a materia seleccionada.

O alumno/a será guiado regularmente polo/a profesor/a, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerlo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotivase máis.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
7. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
8. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Contéplase tamén un Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado incluirá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

8. Adaptacións curriculares.

* No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, unha vez detectadas ou constatadas e seguindo as directrices do Departamento de Orientación, levaranse a cabo medidas, adaptadas a cada caso, relativas a:

- ¿ Adaptacións curriculares e metodolóxicas personalizadas
- ¿ Adecuación do ritmo e tempo na realización de tarefas, exames, etc
- ¿ Adaptación do espazo físico
- ¿ Probas de avaliación adaptadas e accesibles
- ¿ Actividades compensatorias adecuadas a cada necesidade especial

Neste apartado o Departamento seguirá os protocolos establecidos pola Consellería de Educación para a atención de alumnado con necesidades especiais derivados de síndrome oficialmente diagnosticados, como déficits de atención, asperxer e outros.

O alumnado con necesidades específicas con dificultades de aprendizaxe ademais de axustar os materiais de traballo serán puntuados a razón de:

ACTIVIDADES E TRABALLOS : 30% da cualificación. (presentados sempre en tempo e forma para poder ser avaliados e puntuados)

PROBAS ESCRITAS: 70% da cualificación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social.	X	X		X			X	X
ET.2 - Educación ambiental.	X		X		X	X	X	
ET.3 - Educación para a igualdade.		X		X			X	X
ET.4 - Emprendemento.			X		X	X	X	
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz		X					X	X
ET.8 - Educación para o consumidor	X	X			X	X	X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social.	X	X	X	
ET.2 - Educación ambiental.				
ET.3 - Educación para a igualdade.	X	X		
ET.4 - Emprendemento.				

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.				
ET.7 - Educación para a paz		X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor				

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Por suposto traballar a educación cívica, a igualdade, o coidado do medio ambiente, educación para paz, en definitiva, os ODS...é prioritario nesta materia e neste curso xa que gran parte dos temas curriculares xiran arredor destes aspectos.

Así mesmo, a comunicación audiovisual será aproveitada dun xeito responsable en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente e ao desenvolvemento das competencias das TIC do alumnado.

Como tema transversal inclúese a comunicación pois vanse promover os debates ordenados nos que se cumpran as normas de respecto e a tolerancia polas opinións contrarias que, en definitiva, conlevan a unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima da aula.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visitas a exposicións e museos	Complementaria
Asistencia a charlas	Complementaria
Excursións de interese didáctico	Complementaria
Roteiros didácticos	Complementaria
Proxección de cine de interese para a materia	Complementaria

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

Os membros do departamento poderán establecer aquelas actividades complementarias que mellor se axusten as necesidades de cada curso en relación a materia. tamén poderán colaborar con outros departamentos naquelas actividades que se propoñan e se axusten aos contidos propios da materia de Xeografía e Historia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Demostra coñecemento da materia
Planifica leccións, ensina e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Crea ambiente de aprendizaxe
Emprega variedade de recursos
Motiva ao alumnado
Ofrece oportunidades de recuperación
Explica con claridade
Resolve dúbidas
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Revisa a realización das tarefas propostas
Valora o esforzo
Sabe dirixir a clases
Cumpriu co horario de clase
Valoración xeral da materia.

Os obxectivos didácticos están ben formulados.
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
Os contidos e actividades relacionáronse cos interese do alumnado.
As actividades foron variadas e motivadoras.
A temporalización foi adecuada.
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Os criterios de cualificación foron axustados.

Descrición:

A práctica do ensino e a práctica docente evaluarase mediante o dialogo e a interacción de todos os días entre profesor e alumnos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.


Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe nas actas do departamento.

Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

9. Outros apartados

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA
PROGRAMACIÓN de 4º DE ESO



Photos.com/Getty Image

IES CORUXO
CURSO 2022-2023

Guión Programación:

1. Introducción.....	pp.3
2. Contextualización.....	pp.3
3. Contribución das materias o logro dos D.C.B.....	pp.3
4. Obxectivos, contidos, estándares e avaliación por curso.....	pp.3-18
4.1.a. Obxectivos por curso.....	pp.4-18
4.1.b. Contidos secuenciados e temporalizados.....	pp.4-18
4.1. c.estándares de aprendizaxe.....	pp.4-18
4.1.d.Criterios de avaliación.....	pp.4-18
4.1.e.Temporalización.....	pp.13-14
4.1.f.Procedementos e instrumentos de avaliación.....	pp.14-15
4.1.g.Contidos mínimos de aprendizaxe.....	pp.15
4.1.h.Criterios e sistemas de cualificación e recuperacións.....	pp.16-17
4.1.i.Avaliación extraordinaria.....	pp.18
5. Procedementos para a realización da avaliación inicial.....	pp.18
6. Metodoloxía didáctica na ESO.....	pp.19
7. Metodoloxía didáctica e autonomía persoal no Bacharelato.....	pp.19
8. Atención a diversidade.....	pp.19-20
9. Plan atención traballo materias pendentes.....	pp.21
10. Actividades e seguemento das materias pendentes na ESO.....	pp.21
11. Actividades complementarias e extraescolares.....	pp.22
12. Actividades de contribución ao plan lector.....	pp.22
13. Actividades de contribución ao plan TIC.....	pp.22-23
14. Actividades de contribución ao plan de convivencia.....	pp.23
15. Actividades de contribución ao plan de formación en valores.....	pp.23-24
16.Materias e recursos didácticos.....	pp.24
17. Procedimentos para avaliar a programación didáctica.....	pp.24
18. Modificación por proposta da memoria do curso anterior.....	pp.25

Profesor que imparte esta materia: Ruben Rodríguez García

1. INTRODUCCIÓN

Pensamos na aprendizaxe como un proceso permanente, que se desenvolve ao longo da vida. Isto implica, fundamentalmente, ter moi presente a necesidade de proporcionar aos nosos estudantes unha educación completa, que abranxa os coñecementos e as competencias básicas necesarios na sociedade actual, que lles permita desenvolver os valores esenciais de convivencia democrática e que estimule o seu desexo de seguir aprendendo por se mesmos, a través dun enfoque comunicativo, a través unha aprendizaxe activa, a través da incorporación das Novas Tecnoloxías, a través das competencias básicas e, por último, a través da atención á diversidade tanto da aula coma da sociedade.

2. CONTEXTUALIZACIÓN.

O noso instituto está situado a 7 km do centro de Vigo, e máis concretamente na Parroquia de Coruxo.

A súa principal característica é que é unha Parroquia periurbana de Vigo a medio camiño entre urbano e rural. Actualmente están matriculados 400 alumnos/as. Na súa maioría pertencen a dita parroquia pero tamén veñen alumnado procedentes doutras parroquias: Navia, Comesaña, Oia, Saiáns, e tamén dalgún concello próximo como é o de Nigrán. Os profesores membros do departamento este curso académico: Inés Freija Graña, Rubén Rodríguez García , Isabel González Puga e Gustavo Pascual Hermida (Xefe do Departamento).

3. CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS AO LOGRO DAS CB.

Ver apartado nº 4- desenvolvemento das diferentes unidades didácticas.

4. OBXECTIVOS, CONTIDOS E AVALIACIÓN POR CURSO.

4.1.a. Obxectivos por curso.

4.1.b. Contidos secuenciados e temporalizados.

4.1.c. Estándares de aprendizaxe.

4.1.d. Criterios de avaliación.

4.1.e. Temporalización.

4.1.f. Procedementos e instrumentos de avaliación.

4.1.g. Contidos mínimos de aprendizaxe.

4.1.h. Criterios e sistemas de cualificación.

4.1.i. Avaliación extraordinaria.

U.D.1. "O SÉCULO XVIII. A CRISE DO ANTIGO RÉXIME".

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Coñecer os elementos definatorios do Antigo Réxime.
- Relacioar a estrutura social da época co sistema económico.
- Coñecer e as principais ideas e propostas da Ilustración.
- Analizar as grandes reformas que se acometeron coa dinastía borbónica na España do século XVIII.
- Coñecer a cronoloxía do período e adquirir un vocabulario básico.

CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS

- **Competencia social e cidadá:** Comprender as relacións entre o sistema económico e o sistema social no século XVIII. Reflexionar sobre os criterios en que se fundamentan das desigualdades sociais e sentir empatía polas persoas dos grupos non privilexiados. Avaliar como os presupostos da ilustración chocaban co absolutismo. Valorar a pervivencia das ideas ilustradas nos sistemas políticos, económicos e sociais da Europa actual. Valoración da educación como factor impulsor do progreso dunha sociedade.
- **Tratamento da información e competencia dixital:** Analizar e interpretar a información de distintos tipos de fontes: textuais, icónicas, gráficas...e comunicala de forma organizada e intelixible. Utilizar fontes primarias e secundarias. Elaborar a información transformando os datos recollidos e traducíndoos a outro formato ou linguaxe.
- **Comunicación lingüística:** Ler e interpretar textos de tipoloxía diversa. Ampliar o vocabulario mediante a definición de novos conceptos e o seu posterior uso na elaboración de textos e/ou para argumentar as explicacións persoais. Elaborar textos escritos con corrección sintáctica e semántica.
- **Aprender a aprender** Buscar explicacións multicausais para comprender os fenómenos sociais e avaliar as súas consecuencias. Utilizar distintas estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información: esquemas, resumos, apuntes, etc. Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.
- **Autonomía e iniciativa persoal:** . Organizar a busca de información. Dar opinións e defender posturas propias. Saber argumentar de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados. Autorregular a propia aprendizaxe: tomar conciencia do que se sabe e do que falta por aprender; e realizar autoavaliacións do propio traballo.

CONTIDOS

CONCEPTOS:

- A Europa do século XVIII
- Sociedade estamental. Monarquía absoluta.
- O pensamento ilustrado.
- O reformismo borbónico en España.
- Características principais de Galicia no século XVIII.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- Le de maneira crítica e compara textos históricos que recollan opinións distintas.
- Elabora secuencias temporais de acontecementos empregando as unidades e convencións cronolóxicas.
- Transforma o contido dun documento en mapa conceptual.
- Realiza sínteses a partir de distintos tipos de fontes históricas.
- Visualiza e comenta imaxes artísticas do período.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Enumerar as transformacións que se producen en Europa no século XVIII, tomando como referencia as características sociais, económicas e políticas do antigo réxime.
- Explicar os trazos significativos do reformismo borbónico en España e en Galicia.
- Emprego de vocabulario específico, e aplicación das convencións e os conceptos habituais no estudo da Historia.

U.D.2. "AS GRANDES TRANSFORMACIÓNS DO SÉCULO XIX".

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Comprender como a caída do Antigo Réxime non se produce simultaneamente nin no tempo nin no espazo.
- Coñecer as bases de funcionamento do sistema político liberal.
- Diferenciar o concepto de revolución industrial do de proceso de industrialización. Comprender os trazos esenciais do capitalismo.
- Comprender como os cambios sociais están intimamente relacionados coas transformacións económicas e políticas.
- Coñecer os trazos principais de Galicia no século XIX.

CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS

- **Competencia social e cidadá:** Comparar formas de organización política e amosar preferencias. Recoñecer que todas as persoas comparten uns mesmos dereitos e comprender a necesidade de que os gobernos garantan por lei eses dereitos. Diferenciar os significados do nacionalismo no S. XIX.

Sentir empatía polos obreiros-as daquela época, comprender os seus problemas, como os resolvían e cales podían ser os seus sentimentos. Comparar as condicións laborais dos traballadores no século XIX e na actualidade. Rexeitamento de calquera forma de explotación das persoas.

- **Tratamento da información e competencia dixital:** Analizar e interpretar a información de distintos tipos de fontes: cartográficas, textuais, icónicas, gráficas...e comunicala de forma organizada e intelixible. Utilizar fontes primarias e secundarias. Contrastar a información obtida e desenvolver un pensamento crítico e creativo.
- **Comunicación lingüística:** Ler e interpretar textos de tipoloxía diversa. Ampliar o vocabulario mediante a definición de novos conceptos e o seu posterior uso na elaboración de textos e/ou para argumentar as explicacións persoais. Elaborar textos escritos con corrección sintáctica e semántica. Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial, a descrición e a argumentación.
- **Aprender a aprender:** Buscar explicacións multicausais para comprender os fenómenos sociais e avaliar as súas consecuencias. Utilizar distintas estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información: esquemas, resumos, etc. Como estudar co libro de texto. Revisión de coñecementos adquiridos e autoavaliación.
- **Autonomía e iniciativa persoal:** Organizar a busca de información. Dar opinións e defender posturas propias. Saber argumentar de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados.

CONTIDOS

CONCEPTOS:

- Liberalismo e nacionalismo. A revolución francesa e a etapa napoleónica. Cara a unha Europa de nacións.
- A industrialización das sociedades europeas. A segunda fase da industrialización.
- A nova sociedade industrial. Marxismo, anarquismo e internacionalismo.
- A España do século XIX. Construción do estado liberal.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Confecciona mapas conceptuais sobre os elementos básicos do estado liberal co obxectivo de acadar un vocabulario conceptual básico (constitución, sufraxio, soberanía...).
- Analiza e compara textos para comprender a interrelación entre os procesos de transformacións económicas e sociopolíticas.
- Prepara e realiza un debate, coa documentación necesaria, sobre as ideoloxías que impregnan o movemento obreiro.
- Analiza algúns procesos de cambio e compara a súa duración a ritmos respectivos, prestando especial atención á lentitude no proceso en Galicia.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Situar no tempo e no espazo feitos e procesos relevantes da historia do século XIX, identificando o tempo histórico no Mundo, Europa, España e Galicia.
- Identificar os trazos fundamentais das revolucións industriais e liberal - burguesas, valorando os grandes procesos de transformación que experimentou o mundo occidental.
- Identificar as causas e consecuencias de feitos e procesos históricos, establecer conexións entre elas e recoñecer a causalidade múltiple que implican os feitos sociais.

U.D.3. "A ÉPOCA DO IMPERIALISMO E A GRANDE GUERRA".

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Coñecer como Europa exerceu un dominio económico, político, territorial e cultural sobre grande parte do mundo durante o século XIX, e como este proceso vai intimamente ligado ó desenvolvemento capitalista.
- Comprender que as tensións que se crean no reparto do mundo constitúen a antesala dos grandes conflitos do século XX.
- Avaliar por qué a 1ª guerra mundial foi un conflito diferente a calquera anterior, e coñecer os cambios resultantes no mapa europeo.
- Caracterizar e situar no tempo estilos artísticos do período.

CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS:

- **Competencia social e cidadá:** Comprender que o colonialismo do S.XIX é unha das causas do actual desenvolvemento de moitos países. Sentir empatía polas minorías étnicas. Reflexionar sobre os custos materiais e humanos da grande guerra. Valorar a creación da Sociedade de Nacións, co fin de resolver os conflitos internacionais mediante o diálogo. Recoñecer esta organización como a antecesora da ONU. Analizar e valorar o papel da muller no período de entreguerras..
- **Tratamento da información e competencia dixital:** Analizar e interpretar a información de distintos tipos de fontes: cartográficas, textuais, icónicas, gráficas, audiovisuais...e comunicala de forma organizada e intelixible. Elaborar a información transformando os datos recollidos e traducíndoos a outro formato ou linguaxe.
- **Competencia cultural e artística:** Desenvolver o sentido estético e a capacidade de se emocionar perante as obras de arte. Apreciar a gran creatividade cultural e artística da chamada "belle époque".
- **Comunicación lingüística:** Ler e interpretar textos de tipoloxía diversa. Ampliar o vocabulario mediante a definición de novos conceptos e o seu posterior uso na elaboración de textos e/ou para argumentar as explicacións persoais. Elaborar textos escritos con corrección sintáctica e semántica.
- **Aprender a aprender:** Buscar explicacións multicausais para comprender os fenómenos sociais e avaliar as súas consecuencias. Utilizar distintas estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información. Revisión de coñecementos adquiridos e autoavaliación.
- **Autonomía e iniciativa persoal** Dar opinións e defender posturas propias. Saber argumentar de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados.

CONTIDOS

CONCEPTOS:

- A repartición do mundo. Causas.
- Conquista, organización e explotación das colonias.
- A Grande Guerra. Causas. Desenvolvemento.
- Consecuencias. Organización da paz
- A arte do século XIX

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Obtén unha iniciación ó comentario de texto.
- Confecciona e comenta mapas sobre a expansión imperialista e a reestruturación xeopolítica europea trala grande guerra, avaliando a arbitrariedade das fronteiras.
- Distingue entre causas de longa e curta duración, así como consecuencias a curto e longo prazo.
- Elabora secuencias temporais.
- Realiza sínteses, informes ou pequenas investigacións.
- Comenta obras artísticas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Explicar as razóns da hexemonía política e económica dos países europeos desde a segunda metade do século XIX, identificando os problemas e conflitos relacionados coa expansión colonial.
- Caracterizar e situar cronolóxicamente e xeograficamente a primeira guerra mundial e as súas consecuencias.
- Recoñecer os diferentes estilos da arte contemporánea e os cambios que os motivaron.

U.D.4. "O PERÍODO DE ENTREGUERRAS. TEMPOS DE CONFRONTACIÓN EN ESPAÑA".

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Comprender as causas e as consecuencias da crise do 29.
- Encadrar o nacemento da URSS no contexto espazo-temporal.
- Caracterizar o fascismo e o nazismo, establecendo semellanzas e diferenzas.
- Avaliar a dimensión internacional da historia española no período de entreguerras.
- Analizar como Europa entra en decadencia trala conflitiva primeira metade do século XX.

CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS

- **Competencia social e cidadá:** Recoñecer as diferenzas entre un partido de dereitas ou conservador e un partido fascista. Identificar a mensaxe subliminar dun cartel propagandístico. Relacionar coxuntura económica con

coxuntura política. Avaliar as innovacións da Constitución de 1931 que seguen viventes. Sentir empatía polas persoas que padeceron os efectos da guerra civil española. Valorar o mantemento da memoria histórica como axuda para evitar repetir erros do pasado e comprender mellor o presente. Comprender que se pode falsificar a Historia manipulando documentos históricos.

- **Tratamento da información e competencia dixital:** Analizar e interpretar a información de distintos tipos de fontes: cartográficas, textuais, icónicas, gráficas, audiovisuais...e comunicala de forma organizada e intelixible. Buscar información nos medios de comunicación e en internet. Contrastar a información obtida e desenvolver un pensamento crítico e creativo
- **Comunicación lingüística:** Ler e interpretar textos de tipoloxía diversa. Ampliar o vocabulario mediante a definición de novos conceptos e o seu posterior uso na elaboración de textos e/ou para argumentar as explicacións persoais. Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial, a descrición e a argumentación. Desenvolver a empatía e interese por coñecer e escoitar opinións distintas á propia.
- **Aprender a aprender:** Utilizar distintas estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información: esquemas, resumos, apuntes, etc. Como estudar co libro de texto e preparar un exame. Como traballar en equipo, participar en debates e contrastar as opinións persoais coas do resto de compañeiros e compañeiras. Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.
- **Autonomía e iniciativa persoal:** Idear un pequeno traballo de historia oral e executalo segundo o planificado. Dar opinións e defender posturas propias. Saber argumentar de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados. Autorregular a propia aprendizaxe: tomar conciencia do que se sabe e do que falta por aprender.

CONTIDOS

CONCEPTOS:

- A revolución rusa. A URSS.
- A crise do 29 e a grande depresión.
- O fascismo italiano.
- A instauración do nazismo.
- Tempos de confrontación en España.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Comprende procesos e identifica causas e consecuencias.
- Analiza e comenta textos históricos. Analiza interpretacións distintas sobre un mesmo feito
- Encadra procesos e acontecementos históricos en liñas do tempo.
- Elabora cadros-resumo e sínteses.
- Analiza carteis políticos para determinar a súa finalidade.
- Visualiza e comenta imaxes documentais e de cine.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Avaliar a trascendencia da revolución rusa e as consecuencias da crise do sistema económico e político liberal nos anos trinta.
- Identificar as causas e consecuencias de feitos e procesos históricos, establecer conexións entre elas e recoñecer a causalidade múltiple que implican os feitos sociais.
- Realizar unha pequena investigación no contorno sobre algún aspecto da historia recente empregando fontes orais que permitan traballar aspectos de vida cotiá e memoria histórica.

U.D.5. "A II GUERRA MUNDIAL. UN MUNDO BIPOLAR".

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Encadrar a 2ª guerra mundial no seu contexto e identificar os cambios políticos e territoriais resultantes.
- Coñecer como un foro internacional, a ONU, intenta ser lugar de entendemento para evitar conflitos.
- Coñecer os fundamentos da teoría dos bloques así como a incidencia da formulación teórica da coexistencia pacífica.
- Identificar as crises bélicas e non bélicas que acontecen no período.
- Identificar os factores e valorar as consecuencias do proceso descolonizador e comprender que o Terceiro Mundo non constitúe un bloque homoxéneo.

CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS:

- **Competencia social e cidadá:** Reflexionar sobre os aspectos máis brutais da segunda guerra mundial como o holocausto xudeu, os bombardeos masivos de cidades e o uso da bomba atómica. Apreciar a importancia de organismos e foros internacionais. Valorar con sentido crítico a ameaza que supón para a paz mundial a carreira armamentística. Coñecer as relacións de dependencia que persisten nos nosos días entre as antigas colonias e as súas metrópoles. Valorar a importancia do consenso entre todas as forzas democráticas e a necesidade de alcanzar acordos que permitan a convivencia pacífica.
- **Tratamento da información e competencia dixital:** Analizar e interpretar a información de distintos tipos de fontes: cartográficas, textuais, audiovisuais...e comunicala de forma organizada e intelixible. Contrastar a información obtida e desenvolver un pensamento crítico e creativo. Elaborar a información transformando os datos recollidos e traducíndoos a outro formato ou linguaxe.
- **Comunicación lingüística:** Ler e interpretar textos de tipoloxía diversa. Ampliar o vocabulario mediante a definición de novos conceptos e o seu posterior uso na elaboración de textos e/ou para argumentar as explicacións persoais. Elaborar textos escritos con corrección sintáctica e semántica. Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial, a descrición e a argumentación.
- **Aprender a aprender:** Buscar explicacións multicausais para comprender os fenómenos sociais e avaliar as súas consecuencias. Utilizar distintas estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información: esquemas, resumos, apuntes, etc.. Revisión de coñecementos adquiridos e autoavaliación.

- **Autonomía e iniciativa persoal:** Organizar a busca de información. Dar opinións e defender posturas propias. Saber argumentar de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados. Autorregular a propia aprendizaxe: tomar conciencia do que se sabe e do que falta por aprender; e realizar autoavaliacións do propio traballo.

CONTIDOS

CONCEPTOS:

- A II Guerra Mundial. Consecuencias.
- A formación de bloques.
- Guerra fría e coexistencia pacífica.
- Descolonización e Terceiro Mundo.
- España en democracia..

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- Comenta textos.
- Confecciona e comenta mapas.
- Analiza, compara e avalía de maneira crítica informacións proporcionadas polos medios de comunicación.
- Elabora secuencias temporais.
- Investiga no ámbito familiar ou coñecido vivencias persoais. Valora a importancia das fontes orais.
- Visualiza e comenta imaxes e documentos audiovisuais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Caracterizar e situar cronolóxica e xeograficamente a segunda guerra mundial e as súas consecuencias.
- Analizar os procesos de cambio desde a segunda metade do século XX, e aplicar este coñecemento á comprensión dalgúns dos problemas internacionais máis destacados da actualidade.
- Identificar os trazos da evolución política, social e económica de España e Galicia no período, os avances e retrocesos no camiño cara á modernización económica e a consolidación do sistema democrático.

U.D.6. "O MUNDO ACTUAL".

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Coñecer o proceso de expansión e estancamento do mundo socialista.
- Adquirir unha visión global do mundo de hoxe e dos seus problemas.
- Comprender en qué consiste a globalización e os seus efectos sobre as distintas rexións.
- Recoñecer os desequilibrios no reparto da poboación e dos recursos no mundo.

CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS

- **Competencia social e cidadá:** Empatía coa situación das persoas que actualmente sofren as consecuencias dos réximes dicatatoriais e das vítimas dos efectos negativos da globalización. Constatar a importancia do Estado do benestar na calidade de vida dos cidadáns. Valorar a democracia e darse conta de que é preciso que cada cidadán a defenda, xa que é fácil perder os dereitos e as liberdades, pero non o é recuperalos. Curiosidade por obter información e crearse unha opinión propia sobre os problemas do noso tempo. Comprender que o progreso da muller é o progreso de todos.
- **Tratamento da información e competencia dixital:** Analizar e interpretar a información de distintos tipos de fontes: cartográficas, textuais, icónicas, gráficas, audiovisuais...e comunicala de forma organizada e intelixible. Buscar información nos medios de comunicación e en internet, seleccionando con criterio e valorando a fiabilidade. Contrastar a información obtida e desenvolver un pensamento crítico e creativo
- **Competencia cultural e artística:** Desenvolver o sentido estético e a capacidade de se emocionar perante as obras de arte. Manifestar as preferencias artísticas persoais. Analizar a evolución da obra dun artista.
- **Comunicación lingüística:** Ler e interpretar textos de tipoloxía diversa. Elaborar textos escritos con corrección sintáctica e semántica. Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial, a descrición e a argumentación. Desenvolver a empatía e interesarse por coñecer e escoitar opinións distintas á propia.
- **Aprender a aprender:** Utilizar distintas estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información: esquemas, resumos, apuntes, etc. Como estudar co libro de texto e preparar un exame. Como traballar en equipo e participar en debates. Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.
- **Autonomía e iniciativa persoal:** Organizar a busca de información.. Dar opinións e defender posturas propias. Saber argumentar de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados.

CONTIDOS

CONCEPTOS:

- A nova orde internacional.
- A Unión Europea.
- Conflitos do mundo actual.
- Globalización e mundo desigual.
- A arte do século XX

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- Procura, selecciona e sintetiza información obtida en internet.
- Analiza e compara avaliando criticamente informacións proporcionadas polos medios de comunicación.
- Comprende procesos e avalía causas e consecuencias, cambios e permanencias.
- Redacta un tema sobre a evolución dun aspecto.
- Analiza obras de arte.
- Visualiza documentais e cine.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN: Entendemos incluídos todos os criterios incluídos nas Unidades Didácticas.

- Identificar as causas e consecuencias de feitos e procesos históricos, establecer conexións entre elas e recoñecer a causalidade múltiple que implican os feitos sociais.
- Identificar as correntes vangardistas a través da análise de obras artísticas e arquitectónicas máis representativas.
- Realizar un pequeno traballo sobre algún foco de tensión política ou social no mundo actual, indagando os seus antecedentes históricos, empregando distintas fontes de información.

4.1.e.Temporalización

1ª Avaliación (UU.DD. 1 – 2)

- A Europa do século XVIII
- Sociedade estamental. Monarquía absoluta.
- O pensamento ilustrado.
- O reformismo borbónico na España do século XVIII.
- Liberalismo e nacionalismo. A revolución francesa e a etapa napoleónica. Cara a unha Europa de nacións.
- A industrialización das sociedades europeas. A segunda fase da industrialización.
- A nova sociedade industrial. Marxismo, anarquismo e internacionalismo.
- A España do século XIX. Construción do estado liberal.

2ª Avaliación (UU.DD. 3 – 4)

- A repartición do mundo. Causas.
- Conquista, organización e explotación das colonias.
- A Grande Guerra. Causas. Desenvolvemento.
- Consecuencias. Organización da paz
- A arte do século XIX
- A revolución rusa. A URSS.
- A crise do 29 e a grande depresión.
- O fascismo italiano.
- A instauración do nazismo.
- Tempos de confrontación en España.

3ª Avaliación (UU.DD. 5 – 6)

- A II Guerra Mundial. Consecuencias.
- A formación de bloques. Un mundo bipolar.
- Guerra fría e coexistencia pacífica.
- Descolonización e Terceiro Mundo.
- España en democracia..
- O mundo actual. Nova orde internacional.
- A Unión Europea.
- Conflitos do mundo actual.

- Globalización e mundo desigual.
- A arte do século XX.

4.1.f. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Os procedementos serán os seguintes:

- Exposición por parte do profesor, presentando os contidos dunha forma atractiva e útil para estimular e activar ós alumnos.
- Debate. O debate resulta enriquecedor das ideas. Este debate pode ter lugar entre alumnos e profesor ou entre os propios alumnos sen participación activa do profesor. Optamos así por unha metodoloxía na que construímos entre todos os novos coñecementos.
- Traballo práctico apropiado.
- Realización de exercicios
- Traballos de investigación. Nestes traballos deberán establecer relacións con outras áreas de coñecemento.
- Traballos en grupos. Complementando o debate é interesante que o alumnado aprenda a confrontar as súas propias ideas coas das compañeiras e compañeiros e ser capaces de dar solucións conxuntas a problemas de maior dificultade que os que realizan individualmente. Así se afarán a defender as súas opinións e xuízos de valor con argumentos, a escoitar, a compartir as tarefas, a tolerar, a respectar ós demais,...
- Diversidade nos recursos, será moi importante nesta tarefa contar e rendibilizar en todo o posible a variedade de recursos dos que se dispoña. Dada a importancia social que hoxe en día teñen as tecnoloxías da información e a comunicación, estas xogarán un papel moi importante á hora buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Dotaremos así ós alumnos de instrumentos intelectuais que lles permitirán interpretar, representar, analizar, explicar, criticar, descubrir e predicir determinados aspectos da realidade.
- Inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura, a través dos recursos utilizados na clase .

En canto ós instrumentos de avaliación:

- A observación, que nos permitirá seguir o ritmo da clase en canto á adquisición dos contidos conceptuais e dos procedementos e, sobre todo, dos actitudinais tanto no que se refire ao interese pola materia como ás actitudes sociais máis relevantes, tales como a convivencia, a tolerancia, a solidariedade e a participación crítica.
- As probas, que teñen o mesmo carácter que as actividades de desenvolvemento dos contidos e polo tanto adoptarán formulacións semellantes, reflectirán unicamente os contidos traballados e estableceranse nun contexto de negociación das mesmas co alumnado a quen van orientadas. Así que calquera das actividades que se presentan é susceptible de ser, ao mesmo tempo, actividade de aprendizaxe e de avaliación.
- Os traballos de clase e os traballos voluntarios permiten un seguimento do nivel de organización que van acadando os alumnos/as: busca de fontes, organización dun guión, planificación dos pasos a seguir, corrección do emprego de información gráfica ou estatística, etc. Débense alternar os traballos escritos con outros de exposición oral e en formatos dixitais.

4.1.g. Contidos mínimos esixibles.

- Bases do Antigo Réxime. Monarquía absoluta. Sociedade estamental
- A Europa do século XVIII. O pensamento ilustrado.
- O reformismo borbónico en España.
- Liberalismo e nacionalismo. A revolución francesa e a etapa napoleónica. Cara a unha Europa de nacións.
- A industrialización das sociedades europeas. A segunda fase da revolución industrial. Capitalismo e sociedade burguesa.
- O movemento obreiro. Marxismo, anarquismo e internacionalismo.
- A España do século XIX. Liberalismo e constitucionalismo.
- A repartición do mundo e os imperios coloniais.
- A Primeira Guerra Mundial. Consecuencias. Organización da paz.
- As manifestacións artísticas no cambio de século.
- O período de entreguerras. A Revolución rusa. A crise do 29 e a gran depresión. Fascismo e nazismo. Tempos de confrontación en España.
- A II Guerra mundial e as súas consecuencias.
- A nova orde internacional. A ONU.
- Un mundo bipolar. Guerra fría e coexistencia pacífica. Principais conflitos.
- O proceso descolonizador e o nacemento do Terceiro Mundo
- A España democrática.
- A caída dos bloques e o mundo actual. Mapa político.
- As manifestacións artísticas do século XX

- Comentario de documentos, mapas e imaxes do período.

4.1.h. Sistemas e criterios de cualificación.

"AVALIACIÓN CONTÍNUA"

Expresada neste caso como a media aritmética das notas das tres avaliacións, tendo en conta que a materia de Xeografía e Historia divídese en dúas disciplinas (Xeografía e Historia) ó longo dos distintos cursos da ESO.

A TRAVÉS DE:

ESCRITOS E TRABALLOS (15% da cualificación)

- Caderno do alumnado (ben presentado e completo)
- Pequenos traballos individuais ou en grupo.
- Boa presentación con orde e claridade.
- Realización de tarefas de xeito constante e continuado.
- A adquisición e o emprego de conceptos e procedementos tanto a nivel escrito como a nivel oral.

Traballo diario na aula (0,5% da cualificación)

- Observación diaria do alumnado:
- A atención, a participación e o esforzo persoal.
- A actitude positiva en relación coa materia e cos compañeiros.
- Participación activa e o cumprimento das normas de aula.
- Asistencia, puntualidade, colaboración.
- Realización das tarefas propostas na aula.

PROBAS ESCRITAS (80% da cualificación)

- Desenvolverase, sempre que sexa posible, a lo menos, dous exames por trimestre. Valorarase tanto os contidos como a expresión escrita dos mesmos. . O exame poderá constar de preguntas de definicións de conceptos, preguntas de enumeración, de citar e explicar, de unir elementos, eixes cronolóxicos, identificación de láminas e fotografías de elementos xeográficos, históricos e artísticos, mapas mudos políticos, históricos e

xeográficos, comentarios guiados de textos, gráficas, desenrolo de temas e outras cuestións sempre relacionadas ca materia explicada. A puntuación de cada cuestión verá determinada pola maior ou menor complexidade de cada unha delas e o número de ítems que conteñan, se fará constar no propio exame, dividíndose a nota das preguntas entre os ítems a valorar en cada unha das cuestións plantexadas. Valorarase tamén a correcta expresión escrita e oral, as faltas de ortografía e a presentación. Os erros básicos no manexo das cronoloxías e do contexto histórico nas cuestións de desenrolo de temas, así como os erros na ubicación dos protagonistas dos procesos históricos entenderanse como erros graves e puntuarán con 0 esas cuestións. Poderá haber preguntas que, cando o sinalo o profesor, non se permitirá ningún erro para poder ser puntuadas.

A modo de exemplo, no caso das definicións de conceptos deberán completalas atendendo a que é, que (características), onde, cando, quen, e exemplos, no caso de preguntar 4 verbas se vale dous puntos, 0,5 cada unha a 0,1 cada ítem. Si o profesor o estima convinte poderá dar algunha opcionalidade nas cuestións que considere oportunas.

- En ningún caso estará permitido o emprego de apuntamentos ou calquera outro material que non fose aportado polo profesorado. Copiar durante os exames implicará un 0 na avaliación e ir directamente a recuperación da mesma.
- **Recuperacións:** Despois de cada avaliación farase unha proba de recuperación de cada trimestre (non haberá unha proba extraordinaria de recuperación en Xuño) (a 1ª recuperación a partires de xaneiro, a 2ª a partires de Marzo-abril e a 3ª antes da finalización de curso no mes de xuño. A nota da recuperación será a que se tome como referencia para a media aritmética) sobre a totalidade dos contidos de cada avaliación, puntuada sobre 10. Considerase superada a materia cando realizada a media aritmética entre as tres avaliacións obteña unha puntuación de cinco o superior.
- Os traballos deberán ser presentados en **tempo e forma** para proceder a súa avaliación e puntuación. No caso de non cumprir este requisito perderase a posibilidade de cualificar este apartado, sendo a puntuación de -1 no caso de non presentado ou de 0 si fora de prazo.

OS ALUMNOS CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO "AVALIACIÓN CONTÍNUA "A TRAVÉS DE:

ACTIVIDADES E TRABALLOS : 20% da cualificación. (presentados sempre en tempo e forma para poder ser avaliados e puntuados)

Observación diaria: 10% da cualificación.

PROBAS ESCRITAS: 70% da cualificación.

4.1.i. Avaliación extraordinarias. (Para casos de perda do dereito o avaliación continua,)

PROBA EXTRAORDINARIA DE XUÑO

Entrará toda a materia impartida ó longo do curso, mediante unha proba única e común para todo o alumnado puntuada con 10 puntos. No caso de que o nivel sexa impartido por máis dun profesor coordinarase dita proba polos profesores implicados e o departamento. O exame poderá constar de preguntas de definicións de conceptos, preguntas de enumeración, de citar e explicar, de unir elementos, identificación de láminas e fotografías de elementos xeográficos, históricos e artísticos, mapas mudos políticos, históricos e xeográficos, comentarios de textos guiados ou libres, eixes cronolóxicos, gráficas e desenrolo de temas, ou calquera outro tipo de cuestións sempre relacionadas ca materia impartida. A puntuación de cada cuestión verá determinada pola maior ou menor complexidade de cada unha delas e se fará constar no propio exame. O aprobado alcanzarase a partires dunha nota de 5 ou máis de 5 no exame.

SISTEMA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIO PARA ALUMNADO CON FALTAS DE ASISTENCIA A CLASE

Cando un alumno falte reiterativamente a clase dun xeito non xustificando, terá que presentarse a unha única proba a final de curso. A proba poderá ser oral ou escrita, a determinar polo Seminario. A materia de exame será toda a dada polo curso ó cal pertenza o citado alumno. O alumno debe ser avisado como mínimo 15 días antes da celebración da proba, especificándolle día e hora. Así mesmo o alumno debe presentar ese mesmo día tódolos traballos feitos polos demais alumnos da clase ó longo do curso.

- Analizar a distribución, estrutura, dinámica e perspectivas da poboación española e galega, valorando a importancia dos movementos migratorios e recoñecendo a segregación espacial derivada das situacións de inxustiza cara aos desfavorecidos economicamente, cara aos inmigrantes e cara ás mulleres.

2º BACHARELATO- XEOGRAFÍA

Este criterio trata de avaliar a comprensión de conceptos demográficos básicos, a destreza no manexo e interpretación de distintas fontes e formas de representación gráfica. Deberase analizar a evolución da poboación española e galega e proxectala cara ao futuro, apreciando as consecuencias da estrutura demográfica e o papel que a inmigración ten na nosa sociedade, contextualizándoo no marco europeo e mundial.

Teranse en conta as repercusións que os cambios na situación sociolaboral das mulleres e as políticas sociais tendentes á súa plena integración social en pé de igualdade teñen no movemento natural español e galego.

- Analizar o proceso de urbanización español como o resultado da concorrencia de distintos axentes e intereses, así como de decisións políticas e técnicas, dando lugar a unha morfoloxía e estrutura determinada. Identificar o papel do sistema urbano na configuración do territorio.

Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado sabe relacionar o proceso de urbanización con outros de tipo socioeconómico e comprender o alcance que as novas pautas de crecemento urbano teñen no territorio español, dada a intensidade do proceso e as súas peculiaridades na etapa máis recente, a través dalgún exemplo de

Galicia. Trátase tamén de valorar se identifica, a partir de planos e outras fontes, a estrutura e dinámica da cidade. Interesa igualmente que se comprenda a importancia da planificación urbana e a xestión democrática como mecanismos de contención dos procesos especulativos, o crecemento anárquico e a segregación espacial.

- Comprender o papel da ocupación do territorio e das actividades económicas na conformación das grandes unidades paisaxísticas de Galicia e de España, localizándoas e identificando os seus elementos e dinámicas, tomando conciencia da necesidade de políticas globais de ordenación territorial.

Este criterio pretende comprobar a comprensión sistémica das paisaxes como síntese das dinámicas xeográficas. Avaliarase tamén o nivel de competencia para analizar criticamente os modelos de ocupación do territorio predominantes en Galicia e en

España, considerando a ordenación territorial como mecanismo para conciliar os distintos intereses e garantir o desenvolvemento sustentable e harmónico.

- Analizar a organización política e administrativa española e os seus efectos espaciais para percibir, mediante a utilización de distintos indicadores, a desigual distribución de riqueza e poboación entre as comunidades autónomas e no seu interior e mais

2º BACHARELATO- XEOGRAFÍA

valorando as políticas españolas e europeas de corrección de desequilibrios rexionais e os mecanismos de organización e participación activa da cidadanía. Este criterio pretende comprobar se o alumnado comprende o territorio español como unha realidade xeográfica plural construída a través do tempo e organizada na actualidade en distintos espazos político-administrativos. Avaliarase a súa identificación e localización, así como a comprensión dos efectos espaciais derivados desta organización administrativa. Trátase tamén de comprobar a capacidade para analizar as diferenzas e desequilibrios entre as comunidades autónomas, mostrando coñecemento das políticas de cohesión e a súa incidencia en Galicia e mais competencia para a participación activa e autónoma na sociedade civil.

- Identificar as características do sistema mundo e os trazos básicos da Unión Europea para comprender os factores que explican a inserción de España nunha área xoeconómica e xeopolítica determinada e as súas consecuencias espaciais, atendendo de xeito especial as que afectan a Galicia e o seu papel nas políticas transfronteirizas.

Este criterio pretende comprobar se o alumnado comprende como afecta a globalización ao territorio español. Será especialmente importante que este coñecemento abranxa a comprensión das repercusións da pertenza á Unión Europea, así como a relación con outras áreas xoeconómicas, evidenciando o proceso de universalización do espazo xeográfico, afectado por problemas comúns e con centros de decisión supranacionais.

- Obter, seleccionar e utilizar información xeográfica de fontes variadas (o propio contorno, cartográficas, estatísticas, textos e imaxes, tecnoloxías da información e comunicación) para interpretar a realidade xeográfica, empregando na súa comunicación un vocabulario específico e as técnicas gráficas e cartográficas.

Con este criterio preténdese comprobar que se adquiriron as competencias necesarias para a abstracción do espazo e destreza no manexo de distintas fontes de información, entre as que deben figurar con especial relevancia as cartográficas, as achegadas polas tecnoloxías da información e da comunicación e a observación directa ou en imaxes.

Deberán interpretarse, relacionándoas cos coñecementos aprendidos, empregando as técnicas gráficas oportunas.

-Realizar saídas ao contorno e traballos de campo, formular cuestións ou problemas sobre a área de estudo, recoller directamente a información e elaborar e presentar un informe estruturado utilizando un vocabulario xeográfico correcto.

Este criterio trata de avaliar en que medida o alumnado é quen de participar na planificación e realizar un traballo de indagación sobre o terreo. Trátase de avaliar especialmente a aplicación dos conceptos, técnicas e destrezas da

2º BACHARELATO- XEOGRAFÍA

xeografía á análise e interpretación da realidade próxima.

1. Describir os trazos xerais do medio natural español, recoñecer e localizar a diversidade de medios ecoxeográficos de Galicia e de España, identificando as variables e as relacións dinámicas que os configuran.
2. Identificar e analizar os principais riscos e problemas ambientais que afectan España, coñecendo as políticas que ao respecto se propoñen no ámbito estatal e internacional.
3. Caracterizar os diferentes espazos produtivos españois, identificando os factores de localización e de distribución, as tipoloxías resultantes, así como a súa dinámica recente e as tendencias actuais, tendo en conta os contextos europeo e mundial.
4. Analizar a distribución, estrutura, dinámica e perspectivas da poboación española e galega, valorando a importancia dos movementos migratorios e recoñecendo a segregación espacial derivada das situacións de inxustiza cara aos desfavorecidos economicamente, aos inmigrantes e ás mulleres.
5. Analizar o proceso de urbanización español como o resultado da concorrencia de distintos axentes e intereses, así como de decisións políticas e técnicas, dando lugar a unha determinada morfoloxía e estrutura. Identificar o papel do sistema urbano na configuración do territorio.
6. Comprender o papel da ocupación do territorio e das actividades económicas na conformación das grandes unidades paisaxísticas de Galicia e de España, localizándoas e identificando os seus elementos e dinámicas. Conciencia da necesidade de políticas globais de ordenación territorial.
7. Analizar a organización política e administrativa española e os seus efectos espaciais para percibir, mediante a utilización de distintos indicadores, a desigual distribución de riqueza e poboación entre as comunidades autónomas e no seu interior e mais valorando as políticas españolas e europeas de corrección de desequilibrios rexionais e os mecanismos de organización e participación activa da cidadanía.
8. Identificar as características do sistema mundo e os trazos básicos da Unión Europea para comprender os factores que explican a inserción de España nunha área xeo-económica e xeopolítica determinada e as súas consecuencias espaciais, atendendo de xeito especial as que afectan a Galicia e o seu papel nas políticas transfronteirizas.
9. Obter, seleccionar e utilizar información xeográfica de fontes variadas (o propio contorno, cartográficas, estatísticas, textos e imaxes, tecnoloxías da información e comunicación) para interpretar a realidade xeográfica, empregando na súa comunicación un vocabulario específico e as técnicas gráficas e cartográficas.

4.1.d. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Os instrumentos de avaliación:

- **A observación**, que nos permitirá seguir o ritmo da clase en canto á adquisición dos contidos conceptuais e dos procedementos e, sobre todo, dos

2º BACHARELATO- XEOGRAFÍA

actitudinais tanto no que se refire ao interese pola materia como ás actitudes sociais máis relevantes, tales como a convivencia, a tolerancia, a solidariedade e a participación crítica.

- **As probas**, que teñen o mesmo carácter que as actividades de desenvolvemento das U.D. e polo tanto adoptarán formulacións semellantes, reflectirán unicamente os contidos traballados . Así que calquera das actividades que se presentan é susceptible de ser, ao mesmo tempo, actividade de aprendizaxe e de avaliación.
- **Os traballos de clase e os traballos voluntarios** permiten un seguimento do nivel de organización que van acadando os alumnos/as: busca de fontes, organización dun guión, planificación dos pasos a seguir, corrección do emprego de información gráfica ou estatística, etc. Pódense alternar os traballos escritos con outros de exposición oral e en formatos dixitais.

a.- Traballo diario do alumno

No desenvolvemento dos diferentes temas do currículo o profesor poderá propór aos alumnos a realización dunha serie de actividades e exercicios nos que se valorará a utilización dos diferentes procedementos propios da materia, así como o grao de asimilación dos diferentes contidos e estándares da mesma. Igualmente, valorarase a correcta expresión oral e escrita.

Algúns exemplos destas actividades son:

- Comentario de imaxes, mapas, textos, gráficas...
- Elaboración e interpretación de gráficas, mapas, estatísticas, etc.
- Realización de actividades de ampliación e/ou investigación sobre determinados temas ou aspectos.
- Realización dos exercicios correspondentes a cada tema ou bloque.
- Exposición sobre un tema ou aspecto do mesmo.
- A actitude do alumno cara a materia e a asistencia á clase.

A non participación na realización destas actividades poderá variar a nota acadada nas notas ou do curso. A realización e presentación destas actividades ten, polo tanto, carácter obrigatorio. Periodicamente, o profesor poderá requirir do alumno a presentación destes exercicios, que deberán estar debidamente cumprimentados. Este apartado poderá representar, a xuízo do profesor, ata un 10% da nota final de cada avaliación, e poderá estar concentrado, en determinadas situacións especiais, nun único apartado.

PROBAS ESCRITAS (entre 90% ao 100%)

Serán o principal instrumento de avaliación neste nivel.

2º BACHARELATO- XEOGRAFÍA

- As probas escritas dos exames de avaliación constituirán entre o 90% ao 100% da nota de cada Avaliación.
- Realizarase a lo menos un exame por avaliación, centrado nos contidos dos temas desenvolto nas aulas, podendo incluír estes, preguntas teóricas, definicións, cadros comparativos, eixes cronolóxicos, mapas e gráficas, preguntas cortas, e o modelo (tanto na súa formulación como nos criterios de cualificación) da proba de ABAU para a materia de Xeografía. Consistente en preguntas de definicións de conceptos xeográficos, prácticos guiados e tema de desenrolo, puntuadas 2 puntos vocabulario, 5 puntos a pregunta práctica e 3 puntos o tema. A puntuación das preguntas repartirase en función dos ítems que conteñan. No caso das definicións estas deberán incluír a lo menos cinco ítems: Que é, que, cando, onde, quen e exemplos concretos. Valorase tanto positiva como negativamente ademáis do correcto uso dos contidos, a correcta expresión oral e escrita, a orde expositiva, as faltas. Poderemos adoptar así mesmo os cambios introducidos na ABAU debido a Covid-19 propostos no curso pasado, e que se seguen mantendo neste curso 2022-23
- En ningún caso estará permitido o emprego de apuntes ou calquera material que non fora aportado polo profesor (o uso de móbiles, mp3, reloxos intelixentes) para a realización dos exames, no caso contrario suporá a retirada do exame e a cualificación do mesmo cun "0", suspender a avaliación e realizar a recuperación correspondente. No caso de producirse no exame final de maio implicará o suspenso de toda a materia do curso e a realización da proba extraordinaria de Xuño.
- A non asistencia a calquera dos exames sen causa xustificada oficial implicará suspenso da avaliación correspondente e ir directamente a recuperación.
- A nota final de curso obtense a partires da media aritmética das tres avaliacións.

Recuperacións. o alumnado que non aprobe as avaliacións terá que realizar a recuperación da avaliación/s suspensas(1ª,2ª e 3ª). Versarán sobre a totalidade dos contidos correspondentes a cada avaliación, e se realizarán antes da avaliación seguinte. Na terceira avaliación o alumnado que suspenda a 3ª e non lle dé a nota media para aprobar a asignatura recuperará esta avaliación, no caso de que os alumnos teñan dúas ou máis avaliacións suspensas terán unha recuperación final con toda a materia dada durante o curso (semana de recuperacións finais de Maio). A nota de recuperación de cada avaliación, será a que conforme a media aritmética para o cómputo da nota final. Enténdese a superación da materia a partir dun 5 ou máis. Quen non acade 5 ou máis non superará a materia e terá que facer o exame extraordinario de Xuño.

4.1.e. Contidos mínimos esixibles.

- Grandes unidades morfoestructurais da península. O litoral. Climas e vexetación en Galicia e España. Hidrografía. Problemas e xestión da auga.
- Dinámicas ecoxeográficas e grandes medios naturais en España. A diversidade interna galega.
- Riscos e problemas ambientais. Política ambiental en Galicia e en España no contexto da Unión Europea.

2º BACHARELATO- XEOGRAFÍA

- Natureza e recursos en Galicia e España. Minaría, fontes de enerxía e recursos mariños. Políticas de desenvolvemento sustentable.
- A pluralidade dos espazos rurais: transformación e diversificación das actividades rurais. Dinámicas recentes e procesos de transformación no marco europeo. O exemplo galego.
- Os espazos industriais: unha distribución desequilibrada. Globalización, políticas de emprego e tendencias actuais na industria galega e española. As paisaxes industriais.
- Os espazos de servizos: terciarización da economía española, desigual impacto territorial e heteroxeneidade. Redes de transporte e vertebración territorial. Os espazos turísticos: factores, tipoloxía e impacto. Os espazos comerciais.
- A poboación: a súa distribución. Dinámica e políticas demográficas.
- Migracións. Do pasado emigratorio a un presente de inmigración. Fluxos migratorios, factores explicativos, consecuencias e políticas de inmigración.
- Estrutura da poboación: expectativas de futuro. A posición da muller respecto do mercado laboral e a súa plena integración social.
- Novas realidades e procesos de expansión urbanos: metropolización e cidade difusa. O recente crecemento urbano e as súas implicacións territoriais. Estrutura e morfoloxía urbanas. Problemas, xestión e planeamento urbanos.
- O sistema urbano español: distribución e xerarquía. A especificidade galega: o papel das vilas. Permanencia e cambio no mundo rural.
- O proceso de construción do estado español e o debate territorial. Contrastes e políticas rexionais. As eurorrexións: Galicia-Norte de Portugal.
- Natureza e ambiente na U.E. Políticas comunitarias.
- Carácteres socioeconómicos xerais da U.E e disparidades rexionais. Políticas rexionais e cohesión territorial.
- A posición de Galicia e España na U.E. Situación actual e perspectivas.
- Globalización e diversidade no mundo actual: procesos de mundialización e desigualdade territorial. Posición relativa de España e Galicia no mundo e nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas.
- Coñecemento e identificación dos elementos esenciais do mapa físico e político da Península Ibérica e Galicia.
- Comentario de mapas, imaxes, gráficos e documentos xeográficos con emprego de vocabulario específico e expresión axeitada.

4.1.f. Sistemas e criterios de cualificación.

Ver apartado 4.1.d.

4.1.g. Avaliación extraordinarias. (Para casos de perda do dereito o avaliación continua en setembro)

PROBA EXTRAORDINARIA DE XUÑO

Entrará toda a materia impartida ó longo do curso. Un único exame, poderá presentar opcións e puntuará sobre 10 puntos.

SISTEMA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIO PARA ALUMNADO CON FALTAS DE ASISTENCIA A CLASE

2º BACHARELATO- XEOGRAFÍA

Cando un alumno falte reiterativamente a clase dun xeito non xustificado, terá que presentarse a unha única proba a final de curso. A proba poderá ser oral ou escrita, a determinar polo Seminario. A materia de exame será toda a dada polo curso ó cal pertenza o citado alumno. O alumno debe ser avisado como mínimo 15 días antes da celebración da proba, especificándolle día e hora. Así mesmo o alumno debe presentar ese mesmo día tódolos traballos feitos polos demais alumnos da clase ó longo do curso.

Se as faltas se deben a algo xustificado : accidente, enfermidade etc, o profesor decidirá o xeito de recuperar segundo o caso concreto.

5. **PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.**

Este Departamento establecerá conxuntamente co Departamento de Orientación aqueles procedementos básicos de coñecemento e actitudinal para establecer uns criterios de avaliación inicial. No Bacharelato serán principalmente orais, mediante a observación de aula, participación e respostas a cuestións e actividades planeadas polo profesor nas primeiras semanas de curso. Así como a consulta do expediente académico do alumnado.

6. **METODOLOXÍA DIDÁCTICA NA ESO.**

Ver programacións ESO.

7. **METODOLOXÍA DIDÁCTICA INCIDINDO NO IMPULSO AUTONOMÍA PERSONAL NO BACHARELATO.**

Dende o punto de vista epistemolóxico, o enfoque da programación responde a unha concepción totalizadora, globalizadora do feito xeográfico, o que nos leva á comprensión do mesmo como un lugar de intersección de unha serie de variables físicas, antrópicas, etc.,

Na metodoloxía, pátense dunha concepción constructivista do ensino-aprendizaxe, na que os novos contidos adquirense a partir dos coñecementos previos do alumnado e na que a actividade dos mesmos é o centro das estratexias do profesorado. Hai que suliñar que dado o carácter de ensino non obrigatorio e preparatorio cara a estudos superiores que este nivel ten, a conceptualización adquire unha maior relevancia que en etapas anteriores, xa que o seu desenvolvemento intelectual debe capacitalos para abordar con éxito niveis de comprensión superiores. Outro aspecto a destacar é que o referente da realidade inmediata, o entorno, é básico no desenvolvemento da materia.

8. **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

2º BACHARELATO- XEOGRAFÍA

8.a. Medidas de reforzo.

8.b. Medidas de ampliación.

8.c. Adaptacións curriculares.

Planificarase conxuntamente co Departamento de Orientación e atendendo aos protocolos establecidos pola Consellería de Educación para a atención de alumnado con especiais características, sempre que haxa os preceptivos informes médicos oficiais que diagnostiquen a existencia dalgún problema que impida o normal seguimento da materia.

No caso de Bacharelato non afectará a modificación do curriculum nin dos contidos, nin nos modelos de exame que serán comúns para todo o alumnado.

Atenderemos a adecuación do ritmo e tempo na realización de tarefas e exames. Adaptación do espazo físico naqueles casos que sexa necesario, ubicación do alumnado na aula reservando preferentemente os espazos dianteiros da aula. (alumnado cego, xordomudo).

O profesor/a supervisará o traballo realizado.

9. PLANS DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES NA ESO.

Ver Programacións ESO

10. ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO DAS MATERIAS PENDENTES NO BACHARELATO. HISTORIA DE 1º BACH.

SISTEMA DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

O alumno terá dous exames: Un no mes de novembro e outro no mes de febreiro, que coincidirán cronoloxicamente coa primeira e segunda avaliacións. En caso de suspender algún deses exames ou ambos, haberá unha proba final no mes de Abril. Valorarase así mesmo ata un máximo de 3 puntos as actividades propostas polo departamento para ser entregadas o día do exame. Estas versarán sobre os contidos principais a examinar. O exame valorarase sobre o 70 % restante.

O profesor correspondente entregará ós alumnos suspensos un guión onde figurarán os mínimos para aprobar en cada unha das avaliacións. O Departamento dará a coñecer a información entre o alumnado pendente de dita materia, pero de xeito oficial a única información válida das fechas dos exames será a que quede exposta publicamente por escrito nas portas do seminario de Historia, no taboleiro de Pendentes do Centro ubicado no patio central e nas aulas de cada grupo. O alumnado deberá consultar ditos avisos a maiores de que sexan avisados verbalmente polos profesores do departamento.

11. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR NA ESO.

2º BACHARELATO- XEOGRAFÍA

Ver programacións da ESO.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O departamento poderá organizar algunha saída extraescolar ou participar si os seus membros dispoñen de tempo con outros departamentos naquelas actividades que sexan de interese para o alumnado e a súa especialidade.

13. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.

Este Departamento seguirá as directrices establecidas polo Plan Lector do Centro.

14. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

Fomento das TIC

O desenvolvemento dos medios de comunicación así como o fenómeno da globalización fixo realidade a aldea global da que nos falaba *M.Mcluhan*.

Grandes cambios nos campos económicos, sociais, educativos e políticos que se produciron nos derradeiros vinte anos exige que o acceso á información e o intercambio sexa moito maior.

A realidade é que debemos aportar aos nosos alumnos e alumnas unhas ferramentas que lles axuden a saber xestionar mellor a información xeográfica neste mundo globalizado cada vez máis complexa.

Nos últimos tempos os avances das TIC fixeron posíbel unha resposta satisfactoria a estas necesidades da xeografía no ensino. Exemplo diso é o **Google Earth**, unha ferramenta empregada en varios campos da xeografía que combina imaxes de satélite, mapas e unha base de datos ampla para navegar así como para desenvolver as habilidades necesarias para xestionar correctamente a información xeográfica.

Neste curso escolar os nosos obxetivos é incorporar paseniñamente as "**habilidades de aprendizaxe**" de maneira deliberada, estratéxica e ampla para que os nosos alumnos e alumnas:

- Aprendan, integren, avalíen e manexen a información.
- Analicen e comparen información variada (fotografía, fotografía aérea, cartográfica, imaxe de satélite...)
- Identifiquen datos espaciais, xeográficos, culturais, políticos do mundo, do Estado Español e de Galicia.
- Organicen mapas, diagramas e cadros de información xeográfica.
- Comparen e analicen un evento xeográfico utilizando diversas fontes de información: xornais, revistas, internet...

2º BACHARELATO- XEOGRAFÍA

- Utilicen mapas temáticos para analizar a distribución de poboación mundial, española e galega.
- Etc.

Poderían ser enlaces interesantes:

www.I.N.E.es

www.I.G.E.es

www.socialesweb.com

www.lopedevega.es

www.pangea.org/peremarques/wtesoci.htm

Empregaremos así mesmo a Aula Virtual no caso de semipresencialidade ou confinamento, e de xeito complementario poderemos empregala durante a presencialidade. Así mesmo empregaremos as páxinas da CIUGA para analizar a información relativa a materia en relación ca proba da ABAU.

15. **ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.**

Este Departamento seguindo as directrices do Plan de Convivencia no Centro elaborará normas consensuadas de funcionamento na aula, a través da "lectura e interpretación de documentos e feitos históricos", favorecerá a reflexión sobre as relacións de convivencia nas "diferentes situacións históricas" e as súas consecuencias.

16. **ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE FORMACIÓN EN VALORES.**

Este Departamento potenciará a través de textos históricos e xeográficos os valores esenciais da Democracia, da solidariedade, da cooperación...

A Xeografía e a Historia permite fomentar no alumnado actitudes positivas así como valores de socialización que contribúe a súa formación e madurez humana e fomenta a participación activa, responsable e solidaria.

Potenciar actitudes de respecto, solidariedade, valoración do pluralismo e da diversidade cultural do Estado Español e de Europa, das distintas posicións e opinións sobre a organización territorial e política e a tolerancia dos distintos sentimentos.

Potenciar a igualdade entre ambos sexos, a educación medio ambiental, aprecio polo patrimonio xeográfico e histórico...

2º BACHARELATO- XEOGRAFÍA

17. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Recursos materiais: mapas de todo tipo, imaxes en soportes variados, documentos escritos, vídeos, Internet e páxinas de información e datos xeográficos.

Libro de texto: "Xeografía". M^a Concepción Muñoz Salgado. Editorial Anaya.

(Ver apartado 14. Actividades de contribución ao Plan Tic)

18. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

O Departamento realizará o seguimento das programacións dos distintos cursos, e fará trimestralmente unha avaliación dos resultados académicos do alumnado .

Tendo en conta :

- Os datos académicos
- As opinións e experiencias persoais dos compoñentes do departamento
- A reflexión sobre as accións educativas
- A avaliación das circunstancias do curso concreto e a comparación con cursos anteriores

Faranse propostas de mellora "posibles", e se tentarán as medidas oportunas para reorientar a práctica docente.

19. MODIFICACIÓNS POR PROPOSTA DA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR.

O Departamento finalizado o curso avaliará a memoria no seu conxunto e revisará aqueles aspectos que poden ser suxeitos de modificación para incorporar as melloras nos curso vindeiros.

En Coruxo a 15 de Setembro de 2022

I.E.S CORUXO

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

PROGRAMACIÓN HISTORIA DA ARTE 2º BACHARELATO

Curso 2022-2023



CONTIDOS:

1. Contexto Normativo.....	(3)
2. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.....	(4-25)
3. Obxectivos do Bacharelato.....	(25-26)
4. Contidos mínimos exisibles.....	(27)
5. Temporalización.....	(27)
6. Criterios e procedementos de cualificación e puntuación.....	(28-30)
7. Procedementos para a realización da avaliación inicial.....	(30)
8. Metodoloxía didáctica.....	(31)
9. Atención a diversidade.....	(31)
10. Seguimento de Pendentes.....	(31)
11. Actividades complementarias e extraescolares.....	(31)
12. Actividades de contribución ao plan lector.....	(32)
13. Actividades de contribución ao plan TIC.....	(32)
14. Actividades de contribución ao plan de convivencia.....	(32)
15. Actividades de contribución ao plan de convivencia en valores.....	(32)
16. Materiais e recursos didácticos.....	(33)
17. Procedimentos para avaliar a propia programación.....	(33)
18. Modificacións por proposta da memoria do curso anterior.....	(33)
19. Anexo Covid no caso de aulas semipresenciais ou confinamento.....	(33-34)

Profesor que imparte a materia:

Ruben Rodríguez García..... Definitivo no centro

1. Contexto Normativo:

CONTEXTO NORMATIVO

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

1. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave:

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Raíces da arte europea: o legado da arte clásica				
n	B1.1. Grecia, creadora da linguaxe clásica: principais manifestacións.	B1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte grega, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB1.1.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.	CCEC CCL CAA
			HAB1.1.2. Define o concepto de orde arquitectónica e compara as tres ordes da arquitectura grega.	CCEC CCL CAA
			HAB1.1.3. Describe os tipos de templo grego, con referencia ás características arquitectónicas e a decoración escultórica.	CCEC CCL
			HAB1.1.4. Describe as características do teatro grego e a función das súas partes.	CCEC CCL
			HAB1.1.5. Explica a evolución da figura humana masculina na escultura grega a partir do "Kouros" de Anavysos, o "Doriforo" (Policleto) e o "Apoxiomenos" (Lisipo).	CCEC CCL CAA
n	B1.2. A función social da arte en Grecia.	B1.2. Explicar a función social da arte grega, especificando o papel desempeñado polos/as clientes e artistas, e as relacións entre eles.	HAB1.2.1. Especifica quen eran os/as principais clientes da arte grega, e a consideración social da arte e dos/das artistas.	CCEC CCL CSC
d e m	B1.3. Comentario de obras de arte: Grecia.	B1.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte grega, aplicando un método que abranxa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB1.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas gregas: Partenón, Tribuna das Cariátides do Erecteion, templo de Atenea Niké e teatro de Epidauro.	CCEC CCL CAA
			HAB1.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas gregas: Kouros de Anavysos, Auriga de Delfos, Discóbolo (Mirón), Doriforo (Policleto), unha metopa do Partenón (Fidias), Hermes con Dioniso neno (Praxíteles),	CCEC CCL CAA

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			Apoxiomenos (Lisipo), Vitoria de Samotracia, Venus de Milo e friso do altar de Zeus en Pérgamo (detalle de Atenea e Gea).	
n p	B1.4. Visión do clasicismo en Roma. A arte na Hispania romana e na Gallaecia.	B1.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB1.4.1. Explica as características esenciais da arte romana e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.	CCEC CCL CAA
			HAB1.4.2. Especifica as achegas da arquitectura romana en relación coa grega.	CCEC CCL CAA
			HAB1.4.3. Describe as características e funcións dos principais tipos de edificio romanos.	CCEC CCL
			HAB1.4.4. Compara o templo e o teatro romanos cos respectivos gregos.	CCEC CCL CAA
			HAB1.4.5. Explica os trazos principais da cidade romana a partir de fontes históricas ou historiográficas.	CCEC CCL CAA
			HAB1.4.6. Especifica as innovacións da escultura romana en relación coa grega.	CCEC CCL CAA
			HAB1.4.7. Describe as características xerais dos mosaicos e a pintura en Roma a partir dunha fonte histórica ou historiográfica.	CCEC CCL CAA
n	B1.5. Función social da arte en Roma.	B1.5. Explicar a función social da arte romana, especificando o papel desempeñado polos/as clientes e artistas, e as relacións entre eles.	HAB1.5.1. Especifica quen eran os/as principais clientes da arte romana, e a consideración social da arte e dos/das artistas.	CCEC CCL CSC
d e m	B1.6. Comentario de obras de arte: Roma.	B1.6. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte romana, aplicando un método que abranqa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB1.6.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas romanas: Maison Carrée de Nimes, Panteón de Roma, teatro de Mérida, Coliseo de Roma, basílica de Maxencio e Constantino en Roma, ponte de Alcántara, acueduto de Segovia, arco de Tito en Roma e columna de Traxano	CCEC CCL CAA

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			en Roma.	
			HAB1.6.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas romanas: Augusto de Prima Porta, estatua ecuestre de Marco Aurelio, relevo do Arco de Tito (detalle dos soldados co candelabro e outros obxectos do Templo de Xerusalén) e relevo da columna de Traxano.	CCEC CCL CAA
d e g m n	B1.7. Traballo de investigación sobre historia da arte.	B1.7. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.	HAB1.7.1. Realiza un traballo de investigación sobre Fidias. HAB1.7.2. Realiza un traballo de investigación sobre o debate acerca da autoría grega ou romana do grupo escultórico de "Laocoonte e os seus fillos".	CCEC CCL CAA CD CSIEE CCEC CCL CAA CD CSIEE
h n p	B1.8. Conservación do patrimonio: arte grecorromana	B1.8. Respetar as creacións artísticas da Antigüidade grecorromana, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que cómpre conservar.	HAB1.8.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte antiga que se conservan en Galicia.	CCEC CCL CAA CSIEE
Bloque 2. Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval				
n	B2.1. Achea cristiá na arquitectura e na iconografía.	B2.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte paleocristiá, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB2.1.1. Explica as características esenciais da arte paleocristiá e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas. HAB2.1.2. Describe a orixe, as características e a función da basílica paleocristiá. HAB2.1.3. Describe as características e función dos baptisterios, mausoleos e "martirios" paleocristiáns, e as súas partes. HAB2.1.4. Explica a evolución da pintura e o mosaico na arte paleocristiá, con especial referencia á iconografía.	CCEC CCL CAA CCEC CCL CSC CCEC CCL CCEC CCL CAA
n	B2.2. Arte bizantina.	B2.2. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as	HAB2.2.1. Explica as características esenciais da	CCEC

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		características esenciais da arte bizantina, en relación co seu contexto histórico e cultural.	arte bizantina a partir de fontes históricas ou historiográficas. HAB2.2.2. Explica a arquitectura bizantina a través da igrexa de Santa Sofía de Constantinopla. HAB2.2.3. Describe as características do mosaico bizantino e dos temas iconográficos do Pantocrátor e a Virxe e a Déesis, así como a súa influencia na arte occidental.	CCL CAA CCEC CCL CAA CCEC CCL CAA
d e m	B2.3. Comentario de obras de arte bizantina	B2.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte bizantina, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB2.3.1. Identifica, analiza e comenta o mosaico do Cortexo da emperatriz Teodora en San Vital de Rávena.	CCEC CCL CAA
n p	B2.4. Arte prerrománica.	B2.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte prerrománica, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	HAB2.4.1. Define o concepto de arte prerrománica e especifica as súas manifestacións en España e en Galicia. HAB2.4.2. Identifica e clasifica razoadamente no seu estilo as seguintes obras: San Pedro da Nave (Zamora), Santa María do Naranco (Oviedo), San Miguel da Escalada (León), Santa Comba de Bande e San Miguel de Celanova (Ourense).	CCEC CCL CCEC CCL CAA
n	B2.5. Configuración e desenvolvemento da arte románica. Igrexas e mosteiros. Iconografía románica.	B2.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB2.5.1. Describe as características xerais da arte románica a partir de fontes históricas ou historiográficas. HAB2.5.2. Describe as características e as funcións das igrejas e dos mosteiros na arte románica. HAB2.5.3. Explica as características da escultura e a pintura románicas, con especial referencia á iconografía.	CCEC CCL CAA CCEC CCL CSC CCEC CCL
n	B2.6. Función social da arte románica.	B2.6. Explicar a función social da arte románica, especificando o papel de clientes e artistas, e as	HAB2.6.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes da arte románica.	CCEC CCL CSC

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		relacións entre eles.		
d e m n	B2.7. Comentario de obras de arte románica.	B2.7. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte románica, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB2.7.1. Identifica, analiza e comenta as esculturas románicas do Xuízo Final no tímpano de Santa Fe de Conques (Francia).	CCEC CCL CAA
n	B2.8. Achega do Gótico: expresión dunha cultura urbana. A catedral e a arquitectura civil. Modalidades escultóricas. Pintura italiana e flamenga, orixe da pintura moderna.	B2.8. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e características esenciais da arte gótica, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB2.8.1. Describe as características xerais da arte gótica a partir de fontes históricas ou historiográficas. HAB2.8.2. Describe as características e a evolución da arquitectura gótica e especifica os cambios introducidos respecto á románica. HAB2.8.3. Describe as características e a evolución da escultura gótica, e especifica as súas diferenzas tipolóxicas, formais e iconográficas respecto á escultura románica. HAB2.8.4. Recoñece e explica as innovacións da pintura de Giotto e do Trecento italiano respecto á pintura románica e bizantina. HAB2.8.5. Explica as innovacións da pintura flamenga do século XV e cita algunhas obras dos seus principais representantes.	CCEC CCL CAA CCEC CCL CAA CCEC CCL CAA CCEC CCL CAA
n	B2.9. Función social da arte gótica.	B2.9. Explicar a función social da arte gótica, especificando o papel desempeñado por clientes e artistas, e as relacións entre eles.	HAB2.9.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes da arte gótica, e a súa variación respecto ao románico.	CCEC CCL CSC CAA
d e m n	B2.10. Comentario de obras de arte gótica.	B2.10. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte gótica, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB2.10.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental da catedral de Reims, interior da planta superior da Sainte Chapelle de París. HAB2.10.2. Identifica, analiza e comenta o grupo da Anunciación e a Visitación da catedral de Reims. HAB2.10.3. Identifica, analiza	CCEC CCL CAA CCEC CCL CAA CCEC

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			e comenta as seguintes pinturas góticas: escena de "A fuxida a Exipto", de Giotto, na Capela Scrovegni de Padua, "Matrimonio Arnolfini", de Jan Van Eyck, "O descendemento da cruz", de Roger van der Weyden, e o "Xardín das Delicias, de Hieronymus Bosch.	CCL CAA
n p	B2.11. O peculiar desenvolvemento artístico da Península Ibérica. Arte hispanomusulmá. O Románico no Camiño de Santiago. O Gótico e a súa longa duración.	B2.11. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica e gótica española e hispano-musulmá, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	HAB2.11.1. Explica as características e evolución da arte románica e gótica en España.	CCEC CCL CAA
			HAB2.11.2. Explica as características xerais da arte islámica a partir de fontes históricas ou historiográficas.	CCEC CCL CAA
			HAB2.11.3. Describe os trazos esenciais da mesquita e o pazo islámico.	CCEC CCL CSC
			HAB2.11.4. Explica a evolución da arte hispanomusulmá.	CCEC CCL CAA
			HAB2.11.5. Explica as características da arte mudéxar e especifica, con exemplos de obras concretas, as diferenzas entre o mudéxar popular e o cortesán.	CCEC CCL CAA
d e m n p	B2.12. Comentario de obras de arte medieval española.	B2.12. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte medieval española, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	HAB2.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas románicas: San Vicente de Cardona (Barcelona), San Martín de Frómista e a catedral de Santiago de Compostela.	CCEC CCL CAA
			HAB2.12.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas románicas: "A dúbida de San Tomé", no ángulo do claustro de San Dominco de Silos (Burqos). "Última cea" do capitel historiado do claustro de San Xoán da Peña (Huesca) e fachada de Praterías e Pórtico da Gloria da catedral de Santiago.	CCEC CCL CAA
			HAB2.12.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas murais románicas:	CCEC CCL CAA

	Historia da Arte. 2º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			bóveda da Anunciación aos pastores no Panteón Real de San Isidoro de León, e ábsida de San Clemente de Tahull (Lleida).	
			HAB2.12.4. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental e interior da catedral de León, interior da catedral de Barcelona, e interior da igrexa de San Xoán dos Reis, de Toledo.	CCEC CCL CAA
			HAB2.12.5. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas góticas: tímpano da Portada do Sarmental da catedral de Burgos, e retablo de Gil de Siloé, na Cartuxa de Miraflores (Burgos).	CCEC CCL CAA
			HAB2.12.6. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras hispanomusulmás: Mesquita de Córdoba, Aljafería de Zaragoza, Giralda de Sevilla e Alhambra de Granada.	CCEC CCL CAA
d e g m	B2.13. Traballo de investigación sobre historia da arte.	B2.13. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.	HAB2.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre o tratamento iconográfico e o significado da visión apocalíptica de Cristo e o Xuízo Final na arte medieval.	CCEC CCL CAA CD
h n p	B2.14. Conservación do patrimonio: arte medieval.	B2.14. Respetar as creacións da arte medieval, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.	HAB2.14.1. Explica a importancia da arte románica no Camiño de Santiago. HAB2.14.2. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables de arte medieval que se conservan en Galicia.	CCEC CCL CCEC CCL CAA
Bloque 3. Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno				
n	B3.1. Renacemento. Patróns e artistas. Orixe e desenvolvemento da nova linguaxe en arquitectura, escultura e pintura. Achegas de grandes artistas do Renacemento italiano.	B3.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Renacemento, en relación co seu contexto histórico e cultural.	HAB3.1.1. Explica as características esenciais do Renacemento italiano e a súa periodización a partir de fontes históricas ou historiográficas. HAB3.1.2. Especifica as características da arquitectura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o	CCEC CCL CAA CCEC CCL

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			Quattrocento ao manierismo.	
			HAB3.1.3. Especifica as características da escultura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o	CCEC CCL CAA
			HAB3.1.4. Especifica as características da pintura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o	CCEC CCL CAA
			HAB3.1.5. Compara a pintura italiana do Quattrocento coa dos pintores góticos flamengos contemporaneos.	CCEC CCL CAA
			HAB3.1.6. Explica a peculiaridade da pintura veneciana do Cinquecento e cita os artistas máis representativos.	CCEC CCL CAA
n	B3.2. Función social da arte no Renacemento	B3.2. Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles.	HAB3.2.1. Describe a práctica do patrocinio no Renacemento italiano e as novas reivindicacións dos artistas en relación co seu recoñecemento social e a natureza do seu labor.	CCEC CCL CSC
d e m n	B3.3. Comentario de obras de arte: arte do Renacemento.	B3.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Renacemento, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques cultural, sociolóxico e histórico).	HAB3.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento italiano: cúpula de Santa María das Flores e interior da igrexa de San Lorenzo, ambas en Florencia e de Brunelleschi; pazo Médici-Riccardi en Florencia, de Michelozzo; fachada de Santa María Novella e do pazo Rucellai, ambos en Florencia e de Alberti; templo de San Pietro in Montorio en Roma, de Bramante; cúpula e proxecto de planta de San Pedro do Vaticano, de Michelangelo; Il Gesù en Roma, de Giacomo della Porta e Vignola; Villa Capra (Villa Rotonda) en Vicenza, de Palladio.	CCEC CCL CAA
			HAB3.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Renacemento "Porta do Paraíso" (da creación do mundo á	CCEC CCL CAA

Historia da Arte. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
As veces, sempre que sexa posible, colaboramos en saídas organizadas por outros departamentos que solicitan a nosa participación, especialmente si están relacionados ca nosa materia. Visitando o entorno do centro. Así teremos prevista unha saída en colaboración co departamento de Bioloxía para o mes de Novembro de 2022.

Somos conscientes das limitacións de tempo e ás esixencias do programa de Segundo de bacharelato polo que teremos presente esta cuestión na programación de alguna destas saídas.

12. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.

Actividades de Lectura

A lectura constitúese como elemento indispensable para o acceso a coñecementos e máis para a maduración cognitiva, emocional e moral da persoa. En xeral o alumnado le pouco, e por iso, nesta materia, ademais de colaborar co Plan de Lectura do Instituto, levaremos a cabo diversas actividades para co obxectivo de fomentar a lectura e de mellorar a comprensión lectora:

- O final da explicación de cada tema, ou dunha parte do mesmo, poderemos repartir en fotocopia algún artigo dunha revista de divulgación de temas de historia e arte, que trate dun xeito ameno algún aspecto do mesmo, aínda que sexa de escasa relevancia.
 - Poderemos por no taboleiro da aula, unha breve relación de libros (Biografía, Memorias, Novelas...relacionadas coa Hª da Arte) que poidan resultar atractivas ó alumnado desta materia pola súa amenidade, actualidade...Ben por escrito, ou dun xeito oral, a profesora fará unha breve presentación de estas obras.
 - No ámbito habitual da actuación pedagóxica potenciaremos: a realización de traballos apoiados nunha bibliografía básica, lectura de fragmentos do manual de texto, análise e comentario de textos, mapas, elaboración de fichas-resume de noticias de actualidade a partires da información aportada polos distintos medios de comunicación...etc.
- Este Departamento seguirá as directrices establecidas polo Plan Lector do Centro.

13. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

Fomento das TIC

Como xa sinalamos anteriormente, os materiais pedagóxicos tentarán incorporar o uso das TIC e se empregarán medios informáticos para realizar consultas, resolver dúbidas e ampliar os contidos.

Varias sesións didácticas desta asignatura impartiranse con proxeccións de Power-Point mediante canón de vídeo.

Sustituiremos a entrega de fotocopias con material que proporciona o grupo de traballo de Historia da CIUG, por unha sesión na aula de ordenadores na que consultaremos a devandita información na páxina web da mesma, coa fin de que o alumnado sigan consultándoa durante o curso. Por exemplo, cando algún exame sexa unha das probas de selectividade, na devandita páxina encontrarán os criterios de cualificación., poden ver exames xa salificados ...

14. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

Este Departamento seguindo as directrices do Plan de Convivencia no Centro elaborará normas consensuadas de funcionamento na aula, a través da "lectura e interpretación de documentos e feitos históricos", favorecerá a reflexión sobre as relacións de convivencia nas "diferentes situacións históricas" e as súas consecuencias.

15. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE FORMACIÓN EN VALORES.

Este Departamento potenciará a través de textos históricos e xeográficos os valores esenciais da Democracia, da solidariedade, da cooperación...

A Xeografía e a Historia permite fomentar no alumnado actitudes positivas así como valores de socialización que contribúe a súa formación e madurez humana e fomenta a participación activa, responsable e solidaria.

Potenciar actitudes de respecto, solidariedade, valoración do pluralismo e da diversidade cultural do Estado Español e de Europa, das distintas posicións e opinións sobre a organización territorial e política e a tolerancia dos distintos sentimentos.

Potenciar a igualdade entre ambos sexos, a educación medio ambiental, aprecio polo patrimonio xeográfico e histórico...

16. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

O material didáctico comprenderá diferentes fontes de información e ferramentas, que se empregarán habitualmente na aula:

-Libro de texto, que nos cursos nos que sexa empregado, terá un papel dominante como principal fonte de información, de preparación, de repaso da materia e para a realización de actividades.

-Cada profesor poderá utilizar outros materiais alternativos ao libro de texto de elaboración propia (fotocopias, mapas, presentacións, videos...)

-O material didáctico poderá incluír outras fontes de información (prensa, audiodiosuais, imaxes, internet, páxinas web...).

-Utilizaranse os recursos proporcionados polas TICS, aulas informáticas.

-Os alumnos deberán ter, se así o require o profesor, unha libreta específica para a materia na que deberán estar recollidas tódalas producións dos alumnos (exercicios, traballos...) e os apuntes.

17. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

O Departamento realizará o seguimento das programacións dos distintos cursos, e fará trimestralmente unha avaliación dos resultados académicos do alumnado .

Tendo en conta :

- Os datos académicos
- As opinións e experiencias persoais dos compoñentes do departamento
- A reflexión sobre as accións educativas
- A avaliación das circunstancias do curso concreto e a comparación con cursos anteriores

Faranse propostas de mellora "posibles", e se tentarán as medidas oportunas para reorientar a práctica docente.

18. MODIFICACIÓNS POR PROPOSTA DA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR.

O Departamento finalizado o curso avaliará a memoria no seu conxunto e revisará aqueles aspectos que poden ser suxeitos de modificación para incorporar as melloras nos curso vindeiros.

En Coruxo a 15 de Setembro de 2022

PROGRAMACIÓN
2º BACHARELATO- HTª DE
ESPAÑA

IES CORUXO
2022-2023

Gustavo Pascual Hermida

2º BACHARELATO- HTª DE ESPAÑA

Guión Programación:

1. Introducción.....	pp.3
2. Contextualización.....	pp.3
3. Contribución das materias o logro dos D.C.B.....	pp.3
4. Obxectivos, contidos, estándares e avaliación por curso.....	pp.3-12
4.1.a. Obxectivos por curso.....	pp.3-4
4.1.b. Contidos secuenciados e temporalizados.....	pp.4-8
4.1. c.Criterios de avaliación	pp.9
4.1.d. Procedementos e instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación e puntuación.....	pp.9-11
4.1.e. Contidos mínimos esixibles.....	pp.11-1
4.1.f. Sistemas e criterios de cualificación.....	pp.12
4.1.g. Avaliación extraordinarias. (perda do dereito o avaliación continua en setembro).....	pp.13
5. Procedementos para a realización da avaliación inicial.....	pp.13
6. Metodoloxía didáctica na ESO.....	pp.13
7. Metodoloxía didáctica e autonomía persoal no Bacharelato.....	pp.13
8. Atención a diversidade.....	pp.14.
10. Actividades e seguemento das materias pendentes en Bacharelato.....	pp.14
11. PendentesESO.....	pp.14
12. Actividades complementarias e extraescolares.....	pp.15
13. Actividades de contribución ao plan lector.....	pp. 15
14. Actividades de contribución ao plan TIC.....	pp.16
15. Actividades de contribución ao plan de convivencia.....	pp.16
16. Actividades de contribución ao plan de formación en valores.....	pp.16
17.Materias e recursos didácticos.....	pp.17
18. Procedimentos para avaliar a programación didáctica.....	pp.17
19. modificación por proposta da memoria do curso anterior.....	pp.17

Profesores: Rubén Rodríguez García e Gustavo Pascual Hermida

2º BACHARELATO- HTª DE ESPAÑA

1. *INTRODUCCIÓN*

Pensamos na aprendizaxe como un proceso permanente, que se desenvolve ao longo da vida. Isto implica, fundamentalmente, ter moi presente a necesidade de proporcionar aos nosos estudantes unha educación completa, que abranca os coñecementos e as competencias básicas necesarios na sociedade actual, que lles permita desenvolver os valores esenciais de convivencia democrática e que estimule o seu desexo de seguir aprendendo por se mesmos, a través dun enfoque comunicativo, a través unha aprendizaxe activa, a través da incorporación das Novas Tecnoloxías, a través das competencias básicas e, por último, a través da atención á diversidade tanto da aula coma da sociedade.

2. *CONTEXTUALIZACIÓN.*

O noso instituto está situado a 7 km do centro de Vigo, e máis concretamente na Parroquia de Coruxo.

A súa principal característica é que é unha Parroquia periurbana de Vigo a medio camiño entre urbano e rural. Actualmente están matriculados entorno a 400 alumnos/as. Na súa maioría pertencen a dita parroquia pero tamén veñen alumnado procedentes doutras parroquias: Navia, Comesaña, Oia, Saiáns, e tamén dalgún concello próximo como é o de Nigrán.

Os profesores que imparten este nivel son Rubén Rodríguez García e Gustavo Pascual Hermida

3. *CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS AO LOGRO DAS CB.*

Ver punto 4.

4. *OBXECTIVOS, CONTIDOS E AVALIACIÓN POR CURSO.*

4.1.a. Obxectivos por curso.

1. Identificar e situar no espazo e no tempo os procesos globais e acontecementos máis relevantes da historia de España, a súa diversidade territorial e a especificidade de Galicia para comprender a xénese da historia recente.
2. Coñecer e comprender os procesos da historia contemporánea máis importantes, tanto pola súa xénese como polas súas repercusións na actualidade, observando as interpelacións que se dan entre os feitos políticos, sociais, económicos e culturais.
3. Desenvolver unha perspectiva integradora da historia de España que respecte a pluralidade de identidades que a conforman -non só territoriais, senón tamén sociais- e que potencie actitudes de solidariedade.
4. Situar o proceso histórico español e a súa variedade identitaria no marco internacional para poder ver as implicacións e influencias mutuas e ser capaces de ter unha idea coherente e articulada da historia.

2º BACHARELATO- HTª DE ESPAÑA

5. Distinguir os cambios conxunturais dos trazos que identifican os procesos históricos profundos para ser capaces de pensar historicamente sobre os problemas máis relevantes do mundo actual.
6. Coñecer o proceso de formación das normas que regulan o ordenamento constitucional, promovendo o compromiso cos valores democráticos e o interese por participar na vida cidadá.
7. Valorar e comprender as loitas contra as discriminacións que producen opresión e inxustizas, comprometéndose na defensa dos dereitos humanos e tomando conciencia da necesidade de ter presentes suxeitos xeralmente silenciados na historia, en especial as mulleres.
8. Seleccionar e interpretar información procedente de diversas fontes aplicando as técnicas metodolóxicas propias da materia (composición de textos, interpretación de imaxes, mapas, gráficos) para contrastar diversos puntos de vista e desenvolver a capacidade de exercer a crítica histórica.
9. Realizar investigacións de carácter histórico no ámbito de referencia do alumnado, manexando fontes como a historia oral, a prensa ou as tecnoloxías da información e da comunicación para aproximarse á propia comunidade, comprender o carácter provisorio do coñecemento e a diversidade das manifestacións históricas..
10. Comprender a necesaria contextualización cronolóxica dos feitos históricos e os protagonistas dos mesmo.

4.1.b. Contidos secuenciados e temporalizados.

U.D.1. AS RAÍCES HISTÓRICAS DA ESPAÑA CONTEMPORÁNEA

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Interese por coñecer o pasado para a comprensión crítica do presente.
- Aprender a valorar bibliotecas, museos, etc. como fontes de coñecemento.
- Desenvolver actitudes conservacionistas dos vestixios do pasado.
- Valorar o antigo réxime como unha etapa de profundos cambios así como de grandes permanencias.
- Comprender o novo modelo político centralista en relación co anterior e con proxección ó século XX.
- Valorar o labor dos ilustrados e as súas propostas de cambio.

CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- As pegadas das primeiras culturas e da dominación romana na Península.
- A Península Ibérica na Idade Media: Al-Andalus, os reinos cristiáns. Formas de vida e intercambio cultural. Trazos da Galicia feudal.
- A crise dos derradeiros séculos medievais. O exemplo galego.
- Formación da monarquía hispánica. Castela á cabeza dun imperio: a pervivencia das particularidades dos reinos.
- Trazos económicos, sociais e políticos do Antigo Réxime. O centralismo borbónico. O reformismo ilustrado.
- Galicia no Antigo Réxime.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

2º BACHARELATO- HTª DE ESPAÑA

- Emprega fontes materiais e icónicas para obter información do pasado.
- Comenta textos e mapas históricos.
- Confecciona e analiza comparativamente eixos cronolóxicos e outras formas de representación gráfica do tempo histórico.
- Elabora e comenta comparativamente mapas político-administrativos.
- Busca, selecciona e interpreta a información procedente de diversas fontes primarias e secundarias, así como a proporcionada polas tecnoloxías da información e da comunicación, para elaborar explicacións históricas rigorosas e comunicalas por escrito ou oralmente.

U.D.2. QUEBRA DA MONARQUÍA ABSOLUTA

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Comprender a revolución das Cortes de Cádiz e analizar textos constitucionais tendo como referente a Constitución de 1812, valorando a súa proxección histórica posterior.
- Valorar as distintas ideoloxías da sociedade española a principios do S. XIX.
- Identificar as características principais do estado liberal moderado en comparación con outros modelos de réxime representativo.
- Achegamento ós mecanismos políticos dos sistemas políticos e as súas bases sociolóxicas.
- Valorar o "sexenio" como a primeira experiencia democrática.
- Coñecer o sistema político da Restauración, o seu funcionamento e a súa evolución.
- Profundizar nos factores da súa crise.

CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- O impacto da revolución francesa.
- Guerra e revolución. As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812.
- O enfrontamento entre liberais e absolutistas. O reinado de Fernando VII. A emancipación da América española.
- Construción e evolución do Estado liberal burgués.
- O sistema político isabelino: bases sociais e mecanismos institucionais. O exército, a igrexa e o estado burgués.
- Significado de Sexenio: intentos democratizadores. Da revolución ao ensaio republicano.
- O réxime da Restauración: características e funcionamento do sistema canovista. A oposición ao réxime. Guerra colonial e crise de 1898. Intentos de modernización e crise do sistema. Conflitividade social e problema de Marrocos.
- O Estado nación español e os nacionalismos alternativos. Evolución do galeguismo.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- Le e comenta textos.
- Busca, selecciona e interpreta a información procedente de diversas fontes primarias e secundarias, así como a proporcionada polas tecnoloxías da información

2º BACHARELATO- HTª DE ESPAÑA

e da comunicación, para elaborar explicacións históricas rigorosas e comunicalas por escrito ou oralmente.

- Identifica os elementos de causalidade que se dan nos procesos de evolución e cambio.
- Confecciona mapas conceptuais dos elementos básicos do liberalismo e elabora un vocabulario conceptual básico: constitución, sufraxio, soberanía...
- Estudia comparativamente os elementos esenciais das constitucións e proxectos constitucionais do período.

U.D.3. TRANSFORMACIÓNS ECONÓMICAS E CAMBIOS SOCIAIS

NO SÉCULO XIX E NO PRIMEIRO TERCIO DO SÉCULO XX.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Analizar a dimensión socioeconómica do período.
- Comprender os factores determinantes do fracaso do proceso de industrialización española.
- Avaliar as causas da desindustrialización de Galicia.
- Coñecer a evolución do movemento obreiro e analizar o seu contido ideolóxico.
- Coñecer as circunstancias que levaron á ditadura e á IIª República.
- Avaliar as novidades da Constitución republicana: principios e institucións dunha democracia avanzada. O voto feminino.
- Identificar a conflictividade social e política do período.
- Establecer relacións coa situación internacional do período de entreguerras.

CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- Revolución liberal e cambio agrario: as desamortizacións. O caso galego.
- O proceso de industrialización. Diferenzas rexionais.
- As transformacións demográficas. O proceso de urbanización e os movementos migratorios. O caso galego.
- Os novos grupos sociais. O nacemento e desenvolvemento do movemento obreiro. O agrarismo.
- A quebra do sistema liberal: ditadura e democracia.
- O contexto internacional de entreguerras. A ditadura de Primo de Rivera.
- A IIª República. Constitución de 1931 e reformas do proxecto republicano. O nacionalismo vasco, catalán e galego.
- Os gobernos republicanos. Confrontación política e revoltas sociais. As reaccións antidemocráticas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- Le e comenta textos.
- Elabora e analiza mapas sobre terras desamortizadas.

2º BACHARELATO- HTª DE ESPAÑA

- Confecciona e interpreta gráficos e táboas estatísticas.
- Realiza sínteses e mapas conceptuais obtendo información a partir de distintos tipos de fontes, mesmo a proporcionada polas tecnoloxías da información e da comunicación, elaborando explicacións históricas rigorosas e comunicándoas por escrito ou oralmente.

U.D.4. GUERRA CIVIL E DITADURA FRANQUISTA

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Comprender as causas e a evolución da guerra civil así como a súa internacionalización.
- Avaliar a proxección do período en Galicia.
- Coñecer os apoios ideolóxicos e sociais do réxime franquista.
- Identificar as liñas fundamentais das etapas da evolución económica.
- Valorar a oposición ó franquismo e a súa evolución ao longo da ditadura.
- Comprender os elementos da crise do franquismo, as súas causas e as súas consecuencias.
- Coñecer a dualidade cultural existente na España franquista.

CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- A Guerra Civil. A sublevación militar. O alzamento en Galicia.
- Evolución sociopolítica das dúas zonas. A formación do estado franquista.
- Internacionalización do conflito.
- Fundamentos ideolóxicos e sociais do réxime franquista.
- Evolución política e coxuntura internacional.
- A oposición ó réxime no interior e no exilio.
- As transformacións económicas: da "autarquía" ó "desarrollismo".
- Elementos de cambio na etapa final do franquismo. A sociedade civil e a oposición ó réxime.
- Cambios sociais e culturais.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- Le e comenta textos.
- Elabora e comenta mapas sobre a evolución da guerra.
- Interpreta símbolos e medios de propaganda.
- Analiza e valora gráficos, cadros, series estatísticas, etc.
- Comenta vídeos.
- Analiza e compara dúas interpretacións historiográficas distinguindo os puntos de acordo e os de desacordo.

2º BACHARELATO- HTª DE ESPAÑA

U.D.5. A ESPAÑA ACTUAL

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Comprender o proceso de transición á democracia.
- Analizar e explicar a pluralidade e diversidade de realidades históricas que conforman a España actual.
- Valorar a necesidade de mitigar os desequilibrios económicos rexionais.
- Comprender a dimensión internacional da historia española recente.
- Promover actitudes democráticas e tolerantes.

CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- A transición política. A Constitución de 1978 e o Estado das autonomías.
- A transición política en Galicia. O Estatuto galego.
- Economía e sociedade na España actual.
- Os gobernos democráticos e a integración en Europa. Galicia no marco español e europeo.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- Analiza comparativamente textos constitucionais.
- Confecciona organigramas sobre a organización e funcionamento das institucións autonómicas de Galicia.
- Visualiza e interpreta imaxes de cine e documentais, avaliando a obxectividade da súa mensaxe.
- Elabora traballos a partir de informacións proporcionadas polas tecnoloxías da información e da comunicación.

TEMPORALIZACIÓN

Temporalización dos contidos das Unidades didácticas e a súa relación co desenrolo dos temas do libro de texto empregado polo departamento:

“Historia de España”. Xosé Alfeirán Rodríguez, Ana Brea Pedreira, Ana Romero Masiá. Consorcio Editorial Galego

1ª AVALIACIÓN: UU.DD. 1 – 2 (temas 1,2,3,4,5) do manual.

2ª AVALIACIÓN: UU.DD. 2 – 3 – 4 (temas 5, 6 e 7 do manual)

3ª AVALIACIÓN: UU.DD 4 – 5 (temas 8, 9, e 10 do Manual)

Entenderase que esta temporalización é un marco de referencia suxeito a posibles modificacións en función de diferentes parámetros ligados as características do alumnado de cada curso académico, o desenrolo do propio calendario escolar (retrasos ligados a folgas, enfermidade-ausencias do profesor, dificultades do

2º BACHARELATO- HTª DE ESPAÑA

alumnado, e outras circunstancias propias do contexto educativo da aula e do centro). Neste senso este curso escolar 2018-19 introduce como novidade a incorporación de novos temas na proba da ABAU, comprendendo a partires de agora dende o Neolítico ata actualidade.

4.1.c. Criterios de avaliación.

1. Recoñecer e valorar os procesos da historia peninsular anteriores ao século XVIII que resultan máis significativos para a comprensión de época contemporánea, as súas pegadas na actualidade no conxunto do territorio e as peculiaridades en Galicia.
2. Analizar e caracterizar a crise do Antigo Réxime en España e as dificultades na construción do Estado liberal, sinalando as relacións deste proceso co contexto internacional, así como a súa repercusión en Galicia.
3. Comprender as dificultades no desenvolvemento da economía capitalista e da sociedade de clases en España dando conta da diversidade de ritmo e intensidade con que se produce nos distintos territorios peninsulares e especialmente das peculiaridades en Galicia, recoñecendo as conexións co contexto internacional.
4. Comprender os cambios e conflitos que se producen en España durante o período de entre guerras. Por unha parte, a crise da Restauración, que amosa a incapacidade dos grupos hexemónicos para articular un proxecto liberal para España e desemboca na ditadura de Primo de Rivera. Por outra, o alumnado debe ser capaz de recoñecer e valorar a transcendencia da Segunda República, relacionándoa co contexto europeo en que tamén se produce a contraposición entre réximes democráticos e autoritarios.
5. Comprender a orixe, desenvolvemento e consecuencias da Guerra Civil. Recoñecer, analizar e rexeitar as peculiaridades ideolóxicas e institucionais da ditadura franquista e a influencia que a conxuntura internacional tivo na evolución do réxime.
6. Describir os trazos e dificultades do proceso de transición democrática e a súa transcendencia, identificar as características da Constitución de 1978 e do Estatuto de autonomía de Galicia e explicar os cambios políticos, económicos, sociais e culturais que achegaron a forma de vida da sociedade española aos estándares da Europa desenvolvida.
7. Coñecer e utilizar as técnicas básicas da indagación e explicación histórica, como recoller información de diferentes fontes, valoralas criticamente e elaborar textos de contido histórico, utilizando con rigor o vocabulario específico e sendo capaces de traballar en grupo, amosando unha actitude participativa e colaborando na resolución de conflitos.
8. Entender a importancia de contextualizar axeitadamente as periodizacións e aos protagonistas dos principais feitos históricos da Historia de España.

4.1.d. Procedementos e instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación e puntuación.

Os instrumentos de avaliación:

2º BACHARELATO- HTª DE ESPAÑA

- **A observación**, que nos permitirá seguir o ritmo da clase en canto á adquisición dos contidos conceptuais e dos procedementos e, sobre todo, dos actitudeis tanto no que se refire ao interese pola materia como ás actitudes sociais máis relevantes, tales como a convivencia, a tolerancia, a solidariedade e a participación crítica.
- **As probas**, que teñen o mesmo carácter que as actividades de desenvolvemento das U.D. e polo tanto adoptarán formulacións semellantes, reflectirán unicamente os contidos traballados. Así que calquera das actividades que se presentan é susceptible de ser, ao mesmo tempo, actividade de aprendizaxe e de avaliación.
- **Os traballos de clase e os traballos voluntarios** permiten un seguimento do nivel de organización que van acadando os alumnos/as: busca de fontes, organización dun guión, planificación dos pasos a seguir, corrección do emprego de información gráfica ou estatística, etc. Pódense alternar os traballos escritos con outros de exposición oral e en formatos dixitais.

a.- Trabajo diario do alumno

No desenvolvemento dos diferentes temas do currículo o profesor poderá propor aos alumnos a realización dunha serie de actividades e exercicios nos que se valorará a utilización dos diferentes procedementos propios da materia, así como o grao de asimilación dos diferentes contidos e estándares da mesma. Igualmente, valorarase a correcta expresión oral e escrita.

Algúns exemplos destas actividades son:

- Comentario de imaxes, mapas, textos.
- Elaboración e interpretación de gráficas, mapas, estatísticas, etc.
- Realización de actividades de ampliación e/ou investigación sobre determinados temas ou aspectos.
- Realización dos exercicios correspondentes a cada tema ou bloque.
- Exposición sobre un tema ou aspecto do mesmo.
- A actitude do alumno cara a materia e a asistencia á clase.

A non participación na realización destas actividades poderá variar a nota acadada nas notas ou do curso. A realización e presentación destas actividades ten, polo tanto, carácter obrigatorio. Periodicamente, o profesor poderá requirir do alumno a presentación destes exercicios, que deberán estar debidamente cumprimentados. Este apartado poderá representar, a xuízo do profesor, ata un 10% da nota final de cada avaliación, e poderá estar concentrado, en determinadas situacións especiais, nun único apartado.

PROBAS ESCRITAS (entre 90% ao 100%)

2º BACHARELATO- HTª DE ESPAÑA

Serán o principal instrumento de avaliación neste nivel.

- As probas escritas dos exames de avaliación constituirán entre o 90% ao 100% da nota de cada Avaliación.
- Realizarase a lo menos un exame por avaliación, centrado nos contidos dos temas desenvolto nas aulas, podendo incluír estes, preguntas teóricas, definicións, cadros comparativos, eixes cronolóxicos, mapas e gráficas, preguntas curtas, e o modelo (tanto na súa formulación como nos criterios de cualificación) da proba de ABAU modelo LOMCE consistente nunha pregunta con catro definicións de conceptos a elixir entre 6, puntuada con 2 puntos. Unha pregunta de desenrolo dun tema breve a elixir entre tres propostos, puntuada con 3 puntos. E unha terceira de composición de texto histórico puntuada con 5 puntos. Neste caso a adaptación deste modelo de proba require axustala aos trimestres do curso, de tal xeito que como examinaremos un número limitado de unidades cada trimestre poderá incluír ou non opcións en cada unha das cuestións. Tan só no exame extraordinario de Xuño incluiremos o modelo tal e como establece a CIUG para a proba de ABAU. Poderemos adaptalo as modificacións introducidas ABAU 2019-20 pola Covid e que inda se manteñen viventes ou as que a CIUG poda establecer para o presente curso.
- No caso das 70 definicións obrigatorias e as preguntas curtas na programación da CIUG para o exame de ABAU poderán ser incluídas ao longo dos exames de todo o ano.
- A puntuación das preguntas repartirase en función dos ítems que conteñan. No caso das definicións estas deberán incluír a lo menos cinco ítems: Que é, que, cando, onde, quen e exemplos concretos. Valorase tanto positiva como negativamente ademáis do correcto uso dos contidos, a correcta expresión oral e escrita, a orde expositiva, as faltas.
- Non se admitirá en ningún caso como válido exames que descontextualicen aos protagonistas dos feitos históricos ou as cronoloxías, os erros gramaticais ou de expresión que fagan incompreensible as respostas ou o desenrolo dos temas, neste caso serán puntuados cun 0.
- En ningún caso estará permitido o emprego de apuntes ou calquera material que non fora aportado polo profesor (o uso de móbiles, mp3, reloxos intelixentes) para a realización dos exames, no caso contrario suporá a retirada do exame e a cualificación do mesmo cun "0", suspender a avaliación e realizar a recuperación correspondente. No caso de producirse no exame final de maio implicará o suspenso de toda a materia do curso e a realización da proba extraordinaria de Xuño.
- A non asistencia a calquera dos exames sen causa xustificada oficial implicará suspenso da avaliación correspondente e ir directamente a recuperación.
- A nota final de curso obtense a partires da media aritmética das tres avaliacións.

Recuperacións. o alumnado que non aprobe as avaliacións terá que realizar a recuperación da avaliación/s suspensas(1ª, 2ª e 3ª). Versarán sobre a totalidade

2º BACHARELATO- HTª DE ESPAÑA

dos contidos correspondentes a cada avaliación, e se realizarán antes da avaliación seguinte. Na terceira avaliación o alumnado que suspenda dúas ou máis avaliacións terá unha recuperación final con toda a materia no mes de maio, proba que poderá constar de dúas opcións no caso que así o decida o departamento) e será programada de xeito conxunto polos membros do departamento que impartan esta materia, no caso de estar compartida. A nota de recuperación de cada avaliación, será a que conforme a media aritmética, o no seu caso a nota das recuperacións para o cómputo da nota final. Enténdese a superación da materia a partir dun 5 ou máis.

4.1.e. Contidos mínimos esixibles.

- Do neolítico ata os pobos protohistóricos da Península.
- As pegadas da dominación romana na Península.
- A Península Ibérica na Idade Media: Al-Andalus, os reinos cristiáns. Formas de vida e intercambio cultural. A Galicia baixomedieval.
- Formación da monarquía hispánica. Castela á cabeza dun imperio: a pervivencia das particularidades dos reinos.
- Trazos económicos, sociais e políticos do Antigo Réxime. O centralismo borbónico. O reformismo ilustrado. Galicia no Antigo Réxime.
- O impacto da revolución francesa.
- Guerra e revolución. As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812.
- O enfrontamento entre liberais e absolutistas. O reinado de Fernando VII.
- O sistema político isabelino. Dominio do liberalismo moderado e guerra carlista. O exército, a igrexa e o estado burgués.
- Significado de Sexenio: intentos democratizadores.
- O réxime da Restauración: características e funcionamento do sistema canovista. A oposición ao réxime. Guerra colonial e crise de 1898. Intentos de modernización e crise do sistema. Conflitividade social e problema de Marrocos.
- Revolución liberal e transformacións na agricultura: as desamortizacións. O caso galego.
- Debilidades e desequilibrios no desenvolvemento industrial.
- Transformacións demográficas. Movementos migratorios. Efectos da emigración en Galicia.
- A nova sociedade de clases e a situación da muller. Movemento obreiro. O agrarismo en Galicia.
- A quebra do sistema liberal: ditadura e democracia.
- O contexto internacional de entre guerras. A ditadura de Primo de Rivera.
- A IIª República. Constitución de 1931 e reformas do proxecto republicano. O nacionalismo vasco, catalán e galego.
- Os gobernos republicanos. Confrontación política e conflitos sociais. As reaccións antidemocráticas.
- Sublevación militar e guerra civil. Internacionalización do conflito.
- Evolución socio política das dúas zonas. Revolución social na zona republicana e formación do estado franquista.
- O franquismo da posguerra. Bases ideolóxicas e sociais.
- Evolución política do réxime e conxuntura internacional. A oposición no interior e no exilio.
- As transformacións económicas: da "autarquía" ó "desarrollismo".
- Elementos de cambio na etapa final do franquismo. A sociedade civil e a agonía do réxime.

2º BACHARELATO- HTª DE ESPAÑA

- A transición á democracia. A Constitución de 1978 e o Estado das autonomías. O Estatuto galego.
- Os gobernos democráticos e a integración en Europa. Cambios sociais, económicos, legislativos e culturais.
- Comentario de textos ou “composicións” de documentos con madurez e expresión axeitada.
- Coñecemento da cronoloxía do período e emprego dun vocabulario específico.

4.1.f. Sistemas e criterios de cualificación.

Ver apartado 4.1.d.

4.1.g. Avaliación extraordinarias. (Para casos de perda do dereito o avaliación continua en setembro)

PROBA EXTRAORDINARIA DE XUÑO

Entrará toda a materia impartida ó longo do curso, mediante unha proba común para todo o alumnado, valorándose de 0 a 10 puntos, seguindo o modelo de exame establecido para as probas de ABAU da LOMCE, con dúas opcións (A e B) de exame a elixir unha. Enténdese o aprobado a partires da nota de 5 ou máis na proba. Poderá adaptarse tamén ao modelo de proba ABAU 2019-20, no caso de manterse este curso este modelo de exame.

SISTEMA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIO PARA ALUMNADO CON FALTAS DE ASISTENCIA A CLASE

Cando un alumno falte reiterativamente a clase dun xeito non xustificado, terá que presentarse a unha única proba a final de curso. A proba poderá ser oral ou escrita, a determinar polo Seminario. A materia de exame será toda a dada polo curso ó cal pertenza o citado alumno. O alumno debe ser avisado como mínimo 15 días antes da celebración da proba, especificándolle día e hora. Así mesmo o alumno debe presentar ese mesmo día tódolos traballos feitos polos demais alumnos da clase ó longo do curso.

Se as faltas se deben a algo xustificado : accidente, enfermidade etc, o profesor decidirá o xeito de recuperar segundo o caso concreto.

5. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.

Este Departamento establecerá conxuntamente co Departamento de Orientación aqueles procedementos básicos de coñecemento e actitudinal para establecer uns criterios de avaliación inicial. No caso de 2º de Bacharelato incidirán na observación de aula a traves da participación e respostas do alumando as cuestións propostas polos profesores na aula. Así como o análise do expediente académico do alumnado.

2º BACHARELATO- HTª DE ESPAÑA

6. *METODOLOXÍA DIDÁCTICA NA ESO.*

Ver programación ESO.

7. *METODOLOXÍA DIDÁCTICA INCIDINDO NO IMPULSO DA AUTONOMÍA PERSOAL BACHARELATO.*

Metodoloxía expositiva levando a cabo unha análise histórica que recoñeza a multicausalidade na xénese dos procesos de evolución e cambio na historia de España e máis nos conflitos sociais e políticos. A idoneidade deste método será maior canto máis teóricos e abstractos sexan os contidos. Servirá para: introducir novas unidades, subliñar elementos esenciais, realizar integracións temáticas, sintetizar conclusións, reforzar a comprensión, etc.

Poderá usarse como apoio e reforzo na explicación, presentacións de Power-point que conteñan imaxes, esquemas, eixes cronolóxicos..., e no caso dos temas do século XX proxección de documentais de feitos relevantes. Así como o emprego da Internet para acceder a imaxes, textos, e aplicacións relacionadas ca materia da Historia de España. Tamén seguirase o libro de texto obrigatorio.

8. *ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.*

8.a. Medidas de reforzo.

8.b. Medidas de ampliación.

8.c. Adaptacións curriculares.

Planificarase conxuntamente co Departamento de Orientación. No caso de Bacharelato non afectará a modificación do curriculum nin dos contidos. Teráse en conta a adecuación do ritmo e tempo na realización de tarefas e exames. Adaptación do espazo físico naqueles casos que sexa necesario (alumnado cego, sordomudo, etc). O profesor/a supervisará o traballo realizado.

9. *PLANS DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES NA ESO.*

10. *ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO DAS MATERIAS*

2º BACHARELATO- HTª DE ESPAÑA

PENDENTES NO BACHARELATO.

SISTEMA DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

O alumno terá dous exames que abranguen os contidos de todas as avaliacións: Un no mes de novembro e outro no mes de febreiro, que coincidirán cronoloxicamente coa primeira e segunda avaliacións. En caso de suspender algún deses exames ou ambos, haberá unha proba final no mes de maio.

O exame valorarase sobre o 100 % da nota.

O profesor correspondente entregará ós alumnos suspensos un guión onde figurarán os mínimos para aprobar en cada unha das avaliacións. O Departamento dará a coñecer a información entre o alumnado pendente de dita materia, pero de xeito oficial a única información válida das fechas dos exames será a que quede exposta publicamente por escrito nas portas do seminario de Historia, no taboleiro de Pendentes do Centro sito no patio central. O alumnado deberá consultar ditos avisos a maiores de que sexan avisados verbalmente polos profesores do departamento.

11. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR NA ESO.

Ver programas da ESO.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O departamento poderá organizar algunha saída extraescolar ou participar si os seus membros dispoñen de tempo con outros departamentos naquelas actividades que sexan de interese para o alumnado e a súa especialidade.

Colaboraremos co departamento de Orientación en actividades relacionadas ca orientación académica dos alumnos como é a saída a UNITUR.

A problemática de 2º de Bacharelato e que non podemos dispor de moito tempo para este tipo de actividades xa que os programas son moi longos e as horas lectivas moi curtas (3 só en Historia de España).

13. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.

Actividades de Lectura

A lectura constitúese como elemento indispensable para o acceso a coñecementos e máis para a maduración cognitiva, emocional e moral da persoa. En xeral o alumnado le pouco, e por iso, nesta materia, ademais de colaborar co Plan de

2º BACHARELATO- HTª DE ESPAÑA

Lectura do Instituto, levaremos a cabo diversas actividades para co obxectivo de fomentar a lectura e de mellorar a comprensión lectora:

- O final da explicación de cada tema, ou dunha parte do mesmo, poderemos repartir en fotocopia algún artigo dunha revista de divulgación de temas de historia (CLIO, HISTORIA...), que trate dun xeito ameno algún aspecto do mesmo, aínda que sexa de escasa relevancia.
 - Poderemos por no taboleiro da aula, unha breve relación de libros (Biografías, Memorias, Novelas...relacionadas coa Hª de España) que poidan resultar atractivas ó alumnado desta materia pola súa amenidade, actualidade...Ben por escrito, ou dun xeito oral, a profesora fará unha breve presentación de estas obras.
 - No ámbito habitual da actuación pedagóxica potenciaremos: a realización de traballos apoiados nunha bibliografía básica, lectura de fragmentos do manual de texto, análise e comentario de textos, mapas, elaboración de fichas-resume de noticias de actualidade a partires da información aportada polos distintos medios de comunicación...etc.
- Este Departamento seguirá as directrices establecidas polo Plan Lector do Centro.

14. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

Fomento das TIC

Como xa sinalamos anteriormente, os materiais pedagóxicos tentarán incorporar o uso das TIC e se empregarán medios informáticos para realizar consultas, resolver dúbidas e ampliar os contidos.

Varias sesións didácticas desta asignatura impartiranse con proxeccións de Power - Point mediante canón de vídeo.

Sustituiremos a entrega de fotocopias con material que proporciona o grupo de traballo de Historia da CIUG, por unha sesión na aula de ordenadores na que consultaremos a devandita información na páxina web da mesma, coa fin de que o alumnado sigan consultándoa durante o curso. Por exemplo, cando algún exame sexa unha das probas de selectividade, na devandita páxina encontrarán os criterios de cualificación., poden ver exames xa salificados ...

15. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

Este Departamento seguindo as directrices do Plan de Convivencia no Centro elaborará normas consensuadas de funcionamento na aula, a través da "lectura e interpretación de documentos e feitos históricos", favorecerá a reflexión sobre as relacións de convivencia nas "diferentes situacións históricas" e as súas consecuencias.

2º BACHARELATO- HTª DE ESPAÑA

16. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE FORMACIÓN EN VALORES.

Este Departamento potenciará a través de textos históricos e xeográficos os valores esenciais da Democracia, da solidariedade, da cooperación...

A Xeografía e a Historia permite fomentar no alumnado actitudes positivas así como valores de socialización que contribúe a súa formación e madurez humana e fomenta a participación activa, responsable e solidaria.

Potenciar actitudes de respecto, solidariedade, valoración do pluralismo e da diversidade cultural do Estado Español e de Europa, das distintas posicións e opinións sobre a organización territorial e política e a tolerancia dos distintos sentimentos.

Potenciar a igualdade entre ambos sexos, a educación medio ambiental, aprecio polo patrimonio xeográfico e histórico...

17. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

RECURSOS: comentario de imaxes ou textos; probas iniciais; preguntas abertas; recollida de información; análise e comentario de textos; confección de mapas conceptuais; realización de informes; elaboración de eixes cronolóxicos e mapas históricos... Será a composición de textos históricos o procedemento fundamental, pola súa virtualidade, e máis por ser o sistema de exame utilizado nas probas de selectividade.

Como xa comentamos nas actividades de animación á lectura, entraránse os alumnas e alumnos artigos amenos e mesmo pouco relevantes que están relacionados co tema que están preparando.

Outros recursos materiais: todo tipo de fontes e documentos, prensa, bibliografía, mapas, medios audiovisuais, películas históricas con fichas de traballo, TIC..., apuntamentos do profesor, Aula virtual, etc.

LIBRO DE TEXTO: "Historia de España". Xosé Alfeirán Rodríguez, Ana Brea Pedreira, Ana Romero Masiá. Consorcio Editorial Galego.

18. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

O Departamento realizará o seguimento das programacións dos distintos cursos, e fará trimestralmente unha avaliación dos resultados académicos do alumnado .

Tendo en conta :

- Os datos académicos
- As opinións e experiencias persoais dos compoñentes do departamento
- A reflexión sobre as accións educativas
- A avaliación das circunstancias do curso concreto e a comparación con cursos anteriores

Faranse propostas de mellora "posibles", e se tentarán as medidas oportunas para reorientar a práctica docente.

2º BACHARELATO- HTª DE ESPAÑA

19. MODIFICACIONES POR PROPOSTA DA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR.

O Departamento finalizado o curso avaliará a memoria no seu conxunto e revisará aqueles aspectos que poden ser suxeitos de modificación para incorporar as melloras nos curso vindeiros.

En Coruxo a 15 de Setembro de 2022